

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### XEFATURA DO ESTADO

**8564** *Lei 29/2015, do 30 de xullo, de cooperación xurídica internacional en materia civil.*

FELIPE VI

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

#### PREÁMBULO

I

A presente Lei de cooperación xurídica internacional en materia civil dá cumprimento a un mandato xa contido na disposición derradeira vixésima da Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuízamento civil, e, de feito, pendente desde a promulgación da Lei orgánica do poder xudicial no ano 1985; cóbrease así a imperiosa necesidade de dotar a España dunha regulación moderna sobre a cooperación xurídica internacional en materia civil.

Dentro dun complexo marco de relacións internacionais con numerosos tratados e acordos internacionais en vigor e numerosas disposicións da Unión Europea, unha lei de cooperación xurídica internacional interna debe ter un carácter subsidiario. Tal carácter ponse de manifesto no artigo 2.a), que, en virtude do principio de primacía do dereito da Unión, dá prioridade á aplicación nesta materia das normas da Unión Europea e dos tratados e acordos internacionais en que España sexa parte. O principio de especialidade vén reflectido no artigo 2.b), que permite a prioridade de normas sectoriais específicas como as contidas na Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal; na Lei 54/2007, do 28 de decembro, de adopción internacional; na Lei 20/2011, do 21 de xullo, do Rexistro Civil, e no texto refundido da Lei xeral para a defensa dos consumidores e usuarios e outras leis complementarias, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2007, do 16 de novembro, tras a súa modificación pola Lei 3/2014, do 27 de marzo. Neste marco está claro que un instrumento como o presente achega seguridade xurídica e certeza engadidas á área da cooperación xurídica internacional.

O marco obxectivo da presente lei debe ser limitado. Non se abordan polo tanto nesta lei, por referencia a normativas sectoriais máis específicas e dado o carácter de marco xeral da presente norma, por exemplo, a regulación de actos de cooperación para facilitar a presentación de demandas, procesos concursais estranxeiros, asistencia xurídica gratuíta internacional, solicitudes de obtención de alimentos ou subtracción internacional de menores, en canto son materias que teñen un mellor encaixe en normativa legal específica e especializada, e iso sen prexuízo de aplicar a tales materias a presente normativa con carácter subsidiario.

O mesmo se debe dicir das normas que regulan as funcións auxiliares á Administración de xustiza dos funcionarios diplomáticos e consulares de carreira ou por outras persoas legalmente autorizadas. Púidose aproveitar a presente lei para aclarar as competencias dos funcionarios españois e as condicións do exercicio de tales competencias, tanto por funcionarios españois no estranxeiro como por axentes estranxeiros en España, pero o carácter básico e o seu marco xeral permiten remitir estes aspectos a unha lexislación especial e máis detallada.

Tampouco as demandas contra Estados que poidan encaixar en casos admisibles pola Convención de Nacións Unidas, do 2 de decembro de 2004, sobre as inmunidades xurisdiccionais dos Estados e dos seus bens, ratificada por España o 21 de setembro

de 2011, son obxecto dun desenvolvemento procesual específico nesta lei, máis alá de clarificar qué facer en supostos de localizacións e notificacións xudiciais dirixidos contra Estados estranxeiros.

O concepto de cooperación xurídica internacional utilízase de forma moi ampla nesta lei, o que permite incluír materias que, como a litispendencia e a conexidade internacionais, o recoñecemento e a execución de sentenzas ou a información e a proba do dereito estranxeiro, en sentido estrito, son alleas ao concepto indicado e que tradicionalmente se regularon noutros corpos normativos, como a Lei de axuízamento civil ou a Lei orgánica do poder xudicial.

## II

A presente lei aplícase en materia civil e mercantil, con independencia da natureza do órgano xurisdiccional, incluída a responsabilidade civil derivada de delito e os contratos de traballo, e parte dun principio xeral favorable ao desenvolvemento amplo da cooperación xurídica internacional, mesmo en ausencia de reciprocidade, pero coa posibilidade de denegación da cooperación xurídica internacional cando exista denegación reiterada de cooperación ou prohibición legal de prestala. Prímase así os intereses da cidadanía en ver asegurados e protexidos os seus dereitos, incluído o dereito á tutela xudicial efectiva, con independencia da actitude máis ou menos colaboradora de determinados Estados, o que non debe obstar nunca para o ofrecemento de reciprocidade como boa práctica. Estas premisas asumen, así, a obriga xeral de cooperación que emana do dereito internacional xeral.

Á vista da importancia que no mundo da cooperación xurídica internacional teñen e terán as comunicacións xudiciais directas, a lei opta por habilitar todos os órganos xurisdiccionais españois para comunicarse sen intermediación con órganos xurisdiccionais doutros Estados dentro dos límites marcados polo respecto aos ordenamentos xurídicos de ambos os dous Estados e á independencia xudicial. A existencia de normativa que forma parte do noso ordenamento xurídico e que articula a posibilidade de comunicacións xudiciais directas, caso dos artigos 11 (6), (7) e 15 do Regulamento (CE) n.º 2201/2003 do Consello, do 27 de novembro de 2003, relativo á competencia, ao recoñecemento e á execución de resolucións xudiciais en materia matrimonial e de responsabilidade parental, polo que se derroga o Regulamento (CE) n.º 1347/2000, e dos artigos 8, 9 e 31 do Convenio da Haia, do 19 de outubro de 1996, relativo á competencia, á lei aplicable, ao recoñecemento, á execución e á cooperación en materia de responsabilidade parental e de medidas de protección dos nenos, por exemplo, fai que deban xa proverse de base normativa habilitante, mesmo xenérica, as comunicacións xudiciais directas. A actualidade da materia maniféstase na publicación pola Conferencia da Haia da Guía emerxente respecto ao desenvolvemento da Rede Internacional de Xuíces da Conferencia da Haia e principios xerais para as comunicacións xudiciais, incluídas as salvagardas comunmente aceptadas en casos específicos, dentro do contexto da Rede Internacional de Xuíces da Conferencia da Haia.

## III

O título I da lei regula o réxime xeral da cooperación xurídica internacional e aplícase ás solicitudes de cooperación xurídica en materia de notificación e traslado de documentos xudiciais e extraxudiciais e respecto á obtención e práctica da proba. Como resposta á complexidade técnica actual inherente á cooperación xurídica internacional, désígnase o Ministerio de Xustiza como autoridade central española. Este útil principio de concentración xa existe na normativa española interna e así, por exemplo, a Lei 20/2011, do 21 de xullo, do Rexistro Civil, configura, por razóns similares, a Oficina Central do Rexistro como a autoridade encargada en materia de cooperación internacional en todas aquelas materias sometidas a tal lei. As funcións do Ministerio de Xustiza como autoridade central veñen descritas no artigo 8 da lei e coinciden, en boa medida, coas que se lle atribúen en virtude de tratados e acordos internacionais e as normas da Unión Europea, e deben facilitar a

cooperación xurídica internacional tanto se a require unha autoridade española como se é española a autoridade requirida.

No campo da cooperación xurídica internacional en materia civil, a presente lei vén encher un baleiro interno derivado da ausencia en España dun réxime legal común neste sector, aplicable tanto aos actos de comunicación de documentos xudiciais e extraxudiciais como á práctica e obtención de probas, coa idea de que un réxime xeral da cooperación xurídica internacional se debe deseñar como un medio efectivo para lles facilitar a tarefa aos órganos xurisdicionais na súa función de administrar xustiza; co que se permite así a efectividade no plano internacional da tutela xudicial efectiva.

O vixente réxime común interno da cooperación xurídica internacional vén dado polas previsións do artigo 177 da Lei de axuizamento civil, polos artigos 276 a 278 da Lei orgánica do poder xudicial e polas previsións do capítulo II do título IV do Acordo do 15 de setembro de 2005, do Pleno do Consello Xeral do Poder Xudicial, polo que se aproba o Regulamento 1/2005, dos aspectos accesorios das actuacións xudiciais (artigos 74 ao 80).

A presente lei integra e detalla, coas adaptacións precisas, a indicada normativa, e pasa así a cubrir de forma efectiva a remisión lexislativa que fai o artigo 177 da Lei de axuizamento civil, dedicado á cooperación xudicial internacional, á lexislación interna que resulte aplicable en defecto de normas da Unión Europea e de tratados internacionais que resulten de aplicación para a práctica de actuacións xudiciais no estranxeiro e para cando as autoridades xudiciais estranxeiras soliciten a cooperación dos órganos xurisdicionais españois.

Esta lei mellora a situación anterior que se apoiaba no artigo 276 da Lei orgánica do poder xudicial, para os casos de asistencia xudicial activa solicitada por órganos xurisdicionais españois, e nos artigos 277 e 278 da mesma lei para os casos de asistencia xudicial pasiva solicitada por órganos xurisdicionais estranxeiros, e enche un baleiro legal hai anos demandado.

As normas contidas no capítulo I do título I son comúns á cooperación xurídica no ámbito das notificacións e obtención de probas. Nelas descríbense as vías de transmisión, cuxa elección no caso concreto dependerá, en definitiva, do disposto na lexislación do Estado estranxeiro requirido ou requirente, e establécese o contido mínimo das solicitudes respecto das cales a autoridade central española comprobará que reúnen o contido e os requisitos fixados legalmente, de modo tal que, cando a solicitude non reúna os requisitos previstos no artigo 10, se devolverá á autoridade requirente, con indicación dos motivos concretos da devolución. A lei ocúpase igualmente do idioma e da tramitación, que varía segundo sexan requiridas autoridades españolas ou estranxeiras, e especificase que as solicitudes dirixidas a autoridades españolas se executarán conforme as normas procesuais españolas e que só excepcionalmente e por petición da autoridade estranxeira se aceptarán procedementos especiais, sempre que sexan compatibles coa lexislación española e resulten practicables. Tamén se detallan os motivos de denegación e estipúlase, ademais, que se deberá ditar resolución motivada pola que se denegue a execución da solicitude.

A lei ocúpase da execución no estranxeiro de dilixencias procesuais por funcionarios consulares e diplomáticos españois e aborda cuestións accesorias á cooperación xurídica internacional, permite o uso de calquera medio tecnolóxico que resulte adecuado para a práctica das dilixencias de cooperación e especifica que os gastos serán a cargo da autoridade requirente, quen poderá, de ser o caso, repercutilos na parte por cuxa instancia sexa realizada a solicitude de cooperación xurídica internacional. A autoridade central española en ningún caso asumirá ningún gasto derivado das solicitudes de cooperación que reciba, e poderá solicitar unha provisión de fondos se a autoridade estranxeira con que coopere lle exixir algún pagamento vinculado á solicitude.

#### IV

Nos capítulos II, III e IV do título I regúlanse os requisitos especiais relativos, respectivamente, ao ámbito das notificacións de documentos xudiciais e extraxudiciais e á obtención de probas. A exixida simplificación da regulación apréciase, por exemplo, na

elección dos medios escollidos para a práctica dos actos de comunicación, notificación e traslado de documentos no estranxeiro, e mesmo se dispón que as autoridades españolas poden remitir as comunicacións directamente aos seus destinatarios por correo certificado con xustificante de recepción ou medio análogo que deixe constancia de que se recibiu. Esta posibilidade, cuxa introdución responde á vontade de facilitar a notificación e reducir os seus custos, débese relacionar co disposto no artigo 25 respecto ao idioma, pois os documentos poden transmitirse nunha lingua que o destinatario entenda, aínda que non sexa unha lingua oficial do Estado requirido. Ningunha destas previsións debe causar ningunha dificultade en relación co futuro recoñecemento e execución da decisión española no estranxeiro se a parte, como é frecuente, comparece e participa no proceso español. Prevíronse, ademais, os casos de non comparecencia do demandado e a protección dos dereitos de defensa nestes casos, e en relación cos actos de notificación dirixidos a Estados estranxeiros introduciuse unha regra especial no artigo 27; regúlanse igualmente no capítulo III os actos de notificación e traslado de documentos extraxudiciais. O capítulo IV contén normas especiais sobre a práctica e a obtención de probas no estranxeiro, onde se acode a criterios de simplicidade e subsidiariedade con detalle do procedemento, contido e requisitos de tal actividade.

Dentro do réxime xeral da cooperación xurídica internacional redactouse unha norma que aborda os problemas específicos da protección de datos persoais, buscando un equilibrio razoable entre os principios de proporcionalidade e de minimización, e a necesidade de evitar restricións ou estándares excesivos que poidan comprometer a necesaria fluidez do tráfico xudicial internacional. Na norma que se propón considérase tamén a necesidade de que todos os actos de cooperación xurídica internacional leven unha información clara sobre límites do uso dos datos persoais transmitidos.

## V

En materia de proba do dereito estranxeiro, non se considera conveniente alterar o sistema español vixente tras a Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuízamento civil, pero considérase prudente especificar que, cando non poidan acreditar as partes o contido e a vixencia do dereito estranxeiro, se poderá aplicar o dereito español para evitar así unha denegación de xustiza que podería ser inxustificada se se desestimase a demanda, e en busca da efectiva tutela xudicial.

Buscouse, deste modo, incidir nun dos aspectos máis controvertidos do sistema de alegación e proba do dereito estranxeiro. O noso sistema caracterízase por ser un sistema mixto que combina o principio de alegación e proba por instancia de parte coa posibilidade de que o tribunal complete a dita proba, valéndose de cantos medios de indagación considere necesarios. Non se especificaba ata a data qué había que facer naqueles supostos en que o dereito estranxeiro non se puidese probar. Na práctica forense propuxéranse en esencia dúas solucións: a desestimación da demanda e a aplicación da *lex fori*. O presente texto decántase por esta última solución, que é a tradicional no noso sistema e a maioritaria nos sistemas de dereito internacional privado do noso ámbito. É, así mesmo, a solución que máis se adecua á xurisprudencia constitucional, da cal se deduce que a desestimación da demanda conculcaría en determinados supostos o dereito á tutela xudicial efectiva.

Debe entenderse que a falta de proba do dereito estranxeiro dentro dun proceso xudicial é algo excepcional que só sucederá cando as partes non consigan probar o dereito estranxeiro e sen esquecer a posibilidade de que o tribunal coopere na acreditación do dito contido. Ademais, débense respectar os sistemas específicos que en leis especiais prevexan outras solucións iguais ou diversas, por referencia, por exemplo, á normativa de protección de consumidores e usuarios, así como á rexistral civil.

Esta lei, ademais, clarifica a interpretación do valor probatorio da proba practicada conforme os criterios da sa crítica e determina o valor dos informes periciais sobre a materia.

## VI

No relativo á información sobre o dereito estranxeiro, o sistema que se adopta é subsidiario, o que condicionará a súa efectiva aplicación respecto da normativa nacional e internacional, se consideramos os instrumentos vixentes na Unión Europea, os dous convenios multilaterais: o de Londres do 7 de xuño de 1968, co seu protocolo adicional feito en Estrasburgo o 15 de marzo de 1978, e o de Montevideo do 8 de maio de 1979, e os bilaterais en que España é parte, e que conteñen previsións sobre a materia, caso, por exemplo, do bilateral con Marrocos do 30 de maio de 1997, que regula de forma moi precisa a información que se deberá subministrar e as vías. A comunicación realizarase da mellor forma posible a través das autoridades centrais designadas. É por iso que se regula un proceso habilitante, pero simple e sinxelo á vez, de modo que permita obter unha hipotética resposta.

No artigo 35, por exemplo, régulanse as peticións de información de dereito estranxeiro por parte dos órganos xudiciais e por parte dos notarios e rexistradores. Neste campo non se deben xerar falsas expectativas, pois a regulación aplícase en defecto de norma convencional ou europea e non hai ningunha garantía de que as autoridades estranxeiras accedan a proporcionar a dita información.

## VII

A definición de criterios adecuados en materia de litispendencia internacional e de conexidade é unha exixencia ineludible que lles debe chegar ás partes seguridade xurídica e previsibilidade. Unha consecuencia directa da existencia de procesos paralelos en distintos Estados é a posibilidade de que se diten resolucións contraditorias. Esta lei afronta esta cuestión e achega un mecanismo que se pretende sinxelo e eficaz en liña coas tendencias da normativa da Unión Europea.

Os criterios que achega o novo Regulamento (UE) n.º 1215/2012 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2012, relativo á competencia xudicial, ao recoñecemento e á execución de resolucións xudiciais en materia civil e mercantil, para casos de procesos pendentes ante órganos xurisdiccionais de Estados terceiros, son así xeralmente admisibles en relación coas materias non incluídas no citado instrumento.

Debe quedar clarificado que a introdución de normas sobre litispendencia e conexidade en relación con Estados terceiros polo citado regulamento fará que estas se apliquen con preferencia sobre as normas contidas no presente texto. Por conseguinte, as disposicións contidas nel aplicaranse ás materias non reguladas polo citado regulamento, isto é, esencialmente, a materias de dereito da persoa, familia, sucesións e dereito concursal.

No artigo 39 régúlase a excepción de litispendencia. Débese destacar que a apreciación da excepción é potestativa, ao igual que acontece no Regulamento da Unión Europea que inspira a norma. Iso é adecuado e xustifícase posto que se trata de valorar a concorrencia dun proceso nun Estado terceiro con que non existe ningún vínculo. De aí que a apreciación da excepción se faga depender dunha serie de requisitos cumulativos, como que o órgano estranxeiro estea a coñecer en virtude dun foro razoable, así como que a resolución eventualmente ditada polo dito órgano sexa susceptible de recoñecemento en España. Exíxese, por último, que o órgano xurisdiccional español conclúa que a suspensión do procedemento aberto en España é necesaria en prol da boa administración de xustiza. O levantamento da suspensión, previsto no segundo punto do precepto, faise, así mesmo, depender de requisitos análogos, aínda que neste caso non son cumulativos senón alternativos (a conclusión ou suspensión do procedemento no Estado terceiro de que se trate; que se considere pouco probable que o procedemento conclúa nun prazo razoable ou que se considere necesaria a continuación do procedemento para a boa administración de xustiza).

O preámbulo do Regulamento (UE) n.º 1215/2012 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2012, precisa o sentido deste último requisito relativo á apreciación da boa administración de xustiza no número (24). Señala que se debe facer unha valoración do conxunto das circunstancias do caso, en particular das conexións entre



os feitos do asunto e as partes e o Estado terceiro de que se trate (aínda que esta cuestión se valorará conforme as previsións contidas na letra a) do artigo 39 do presente texto, que non ten parangón no texto do regulamento), da fase en que se encontra o procedemento nese Estado terceiro e se cabe esperar que se dite resolución nun prazo razoable.

#### VIII

O proceso xudicial de *exequatur* é unha das pezas claves do texto e unha das áreas máis necesitadas de reforma na nosa lexislación interna. A vixente Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuizamento civil, derogou a anterior Lei de axuizamento civil, aprobada polo Real decreto do 3 de febreiro de 1881, coa excepción, entre outras normas, dos artigos 951 a 958, sobre eficacia en España de sentenzas ditadas por órganos xurisdiccionais estranxeiros, que quedaron en vigor ata a vixencia da Lei sobre cooperación xurídica internacional en materia civil.

O deseño actual dos artigos 951 a 958 da Lei de axuizamento civil de 1881 non se coordina coa xurisprudencia do Tribunal Supremo, que desbordou o teor literal de tales preceptos, nin con leis especiais modernas ou coa máis autorizada doutrina. Para o deseño dun novo proceso xudicial de *exequatur* tivéronse en conta as máis actuais correntes doutrinarias, así como as concrecións lexislativas máis recentes que, a modo de exemplo, xorden da normativa da Unión Europea e de exemplos puntuais da nosa recente normativa contidos en textos como a Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal, a Lei 54/2007, do 28 de decembro, de adopción internacional, e a Lei 20/2011, do 21 de xullo, do Rexistro Civil.

As normas que integran o título V supoñen unha revisión de conxunto do sector do recoñecemento e de execución de decisións estranxeiras, que se considera especialmente adecuada en virtude de dúas consideracións. En primeiro lugar, trátase dun ámbito especialmente relevante tendo en conta que nos tratados e nos regulamentos da Unión Europea rexe o principio de reciprocidade, de forma que só son aplicables respecto de resolucións xudiciais orixinarias de Estados parte nos ditos instrumentos e relativas a materias cubertas por eles. Son, polo tanto, moi frecuentes os supostos en que se deberá aplicar a normativa interna. Esta normativa, contida actualmente nos artigos 951 e seguintes da Lei de axuizamento civil de 1881, responde a formulacións obsoletas e que se viron superadas pola xurisprudencia, de maneira que estamos fronte a un sector normativo especialmente necesitado dunha regulación moderna e adaptada ás necesidades dunha sociedade aberta como a española, na cal as relacións exteriores deixaron de ser un fenómeno minoritario e excepcional. No título V óptase polo mantemento do *exequatur* como procedemento especial cuxo obxecto é declarar, a título principal, o recoñecemento dunha resolución xudicial estranxeira e, de ser o caso, autorizar a súa execución. Iso contrasta co establecido nos regulamentos da Unión Europea e considérase adecuado pois o réxime contido neste texto aplícase a resolucións orixinarias de países con que non se mantén ningún vínculo, e parece conveniente manter certas cautelas antes de dar validez ás decisións adoptadas polos seus órganos xurisdiccionais.

Clarifícanse a terminoloxía e os conceptos, detállase o tipo de resolucións susceptibles de recoñecemento e execución e os seus efectos, e abórdanse as cuestións do recoñecemento e execución parcial, incidental e a das modificacións de resolucións estranxeiras, modernizándose as causas de denegación. O proceso que se diseña de *exequatur*, sempre subsidiario a normas internacionais e internas especiais, soluciona todas as carencias procesuais que ten o actual.

Respecto ao recoñecemento dunha resolución estranxeira de forma incidental evitouse unha referencia no artigo 44.2 á apertura dun incidente conforme o establecido nos artigos 388 e seguintes da Lei de axuizamento civil. Permittede, así, que o recoñecemento incidental se poida levar a cabo de forma áxil e máis sinxela no seo de cada procedemento segundo as leis procesuais, xa que o proceso incidental referido nos artigos 388 e seguintes citados parece deseñado para outro tipo de cuestións e a súa utilización suporía encaixar un *exequatur* dentro dun proceso aberto cando a solución pode ser máis sinxela ao formularse normalmente o recoñecemento como base da estimación ou desestimación

da pretensión principal, de modo que será a sentenza a que determine a aptitude do documento para probar o que se pretende. Se se tratase de resolver con carácter previo unha excepción procesual, en tal momento pode apreciarse tamén a aptitude do documento para probar as pretensións.

Regúlase, por primeira vez, a necesidade de adaptar as medidas contidas na sentenza estranxeira que fosen descoñecidas no ordenamento español. Conforme establece o artigo 44.4, adoptárase no dito caso unha medida propia do dereito español que teña efectos equivalentes e persiga unha finalidade ou uns intereses similares, ben que tal adaptación non terá máis efectos que os dispostos no dereito do Estado de orixe. Tendo en conta que se trata dunha operación delicada e difícil, calquera das partes poderá impugnar a adaptación realizada.

Polo que respecta ás resolucións estranxeiras firmes ou definitivas que se refiran a materias que, pola súa propia natureza, son susceptibles de ser modificadas, como por exemplo as prestacións de alimentos, as decisións sobre a garda e custodia de menores ou as medidas de protección de menores e de incapaces, establécese de maneira expresa no artigo 45 que tales resolucións poderán ser modificadas logo do seu recoñecemento a título principal ou incidental. Esta disposición non impide que se poida formular unha nova demanda nun proceso declarativo ante os órganos xurisdiccionais españois e, en definitiva, correspóndelles ás partes optar ben pola modificación da sentenza estranxeira, ben pola apertura dun novo procedemento.

No artigo 46 establécese as causas de denegación do recoñecemento das resolucións xudiciais estranxeiras e das transaccións xudiciais estranxeiras. Trátase dos motivos habituais. En materia de orde pública débese precisar que, aínda que non se recolle no articulado a referencia ás súas peculiaridades en procesos de familia ou menores, é claro que se a resolución afecta os menores de idade a orde pública deberá valorarse tendo en conta o interese superior do menor, e poderá avaliarse para efectos denegatorios do *exequatur* que, se a resolución afecta os menores de idade e fose ditada, agás en casos de urxencia, sen dar posibilidade de audiencia ao menor, en violación de principios fundamentais de procedemento de España, non caberá o *exequatur*.

Merecen destacarse os preceptos contidos nas letras b) e c). A letra b) fai referencia á infracción dos dereitos de defensa de calquera das partes, cuestión que tecnicamente se podería subsumir no concepto de orde pública que aparece na letra a). Considérase, non obstante, útil esta referencia para efectos didácticos. É, así mesmo, adecuado que, a continuación se dispoña que, se se trata dunha decisión ditada en rebeldía, se entenderá que se conculcaron os dereitos de defensa do demandado se a interposición da demanda non se notificou de forma regular e con tempo suficiente. Neste punto, a norma é máis estrita que a contida nos regulamentos da Unión Europea, os cales non exixen unha estrita regularidade formal da notificación. Iso é pertinente tendo en conta que se trata dunha disposición que se aplicará cando non rexa nin regulamento europeo nin convenio internacional.

A letra c) do artigo 46 regula o denominado control da competencia do xuíz de orixe, dirixida a verificar que entre a autoridade que ditou a resolución cuxo recoñecemento se solicita e o asunto sobre o cal versa a resolución existe unha conexión razoable, e que non se trata dun asunto da exclusiva competencia de xuíces e tribunais españois. Proporcióname unha pauta para determinar a existencia dunha conexión razoable a partir da bilateralización dos foros establecidos no dereito procesual civil internacional español, que é suficientemente flexible, pois abonda con que o tribunal de orixe coñecese a partir de criterios de conexión similares aos previstos na nosa lexislación.

Tendo en conta a súa cada vez maior frecuencia, incluíuse unha norma especial en materia de recoñecemento de resolucións estranxeiras ditadas en procedementos derivados de accións colectivas. Pártese de que as ditas resolucións se poden recoñecer e executar en España, pero cunhas cautelas adicionais. Así, o artigo 47 fai referencia ás accións colectivas e proporciona ferramentas útiles para enfrontarse a algunhas «class actions» que non teñen parangón no noso ordenamento. O recoñecemento das decisións ditadas en procesos colectivos sométese a un control da competencia do xuíz de orixe

máis estrita, pois exíxese que os foros de competencia en virtude dos cales coñeceu a autoridade xurisdiccional estranxeira equivallan aos previstos na lexislación española, e non abonda a mera semellanza.

Nos artigos 48 e 49 prohibense a revisión en canto ao fondo e o control da lei aplicada, e permítese, en cambio, o recoñecemento parcial. Trátase de regras habituais nos sistemas de recoñecemento e de execución de decisións estranxeiras dos países do noso ámbito que non formulan problemas.

O capítulo III refírese á execución tanto das resolucións como das transaccións xudiciais. Establécese claramente no artigo 50 que esta só cabe logo de obtención previa do *exequatur*, polo demais faise unha remisión ás disposicións da Lei de axuízamento civil. É especialmente clarificador que se especifique que a Lei de axuízamento civil se aplica tamén á caducidade da acción executiva.

O capítulo IV regula o procedemento de *exequatur*, establecendo normas de competencia e asistencia xurídica gratuíta e detallando o proceso e os recursos admisibles. As regras de competencia son exhaustivas e non supoñen unha alteración substancial das actualmente vixentes.

A cooperación xurídica internacional debe abordar tamén o ámbito extraxudicial en canto representa a normalidade das relacións xurídicas económicas e familiares. É por iso que a presente lei dedica parte do seu articulado á execución e á notificación e traslado de documentos públicos, singularmente notariais, así como á inscrición de títulos estranxeiros nos rexistros públicos españois da propiedade, mercantil e de bens mobles.

Os documentos públicos, especialmente os notariais, constitúen un pilar da cooperación xurídica internacional, como sobradamente se pon de manifesto nas distintas manifestacións do dereito privado da Unión Europea e, en xeral, no tráfico civil e mercantil con países terceiros.

Esa vocación de circulación dos documentos públicos, en canto participan na lei dunha definición común, tomada dos instrumentos e xurisprudencia da Unión Europea, determina que a lei estableza unha canle de notificación e traslado directo para os autorizados por notario. Con iso atribúese valor normativo ás notificacións xa frecuentes no tráfico civil e comercial nunha economía globalizada.

Polo que respecta aos documentos públicos, a lei considera, dunha parte, que non é preciso un procedemento previo de recoñecemento do documento público pero, doutra, que deberá ser valorada a súa eficacia no país de orixe co fin de establecer que alí posúe polo menos o mesmo efecto equivalente. En todo caso, un parámetro común coas resolucións xudiciais é que o contido que incorporan non pode contravir a orde pública.

Prevese, así mesmo, unha regra de adecuación para as institucións xurídicas descoñecidas análoga á do artigo 44.4. Os notarios e os funcionarios públicos españois favorecerán a execución en España dos documentos públicos estranxeiros mediante a adecuación, de ser o caso, de institucións xurídicas estranxeiras descoñecidas, e prevese expresamente a posibilidade de recorrer directamente contra a adaptación ante un órgano xurisdiccional.

Elemento esencial da seguridade xurídica é a inscrición nos rexistros públicos españois das resolucións xudiciais e dos documentos públicos estranxeiros. A íntegra actividade rexistral réxese polas leis específicas rexistrais españolas. Polo tanto, é un ámbito reservado ao lexislador español. Correspóndelle, por tanto, a este, como se fai na presente lei, establecer a actividade do rexistrador da propiedade, mercantil e de bens mobles en relación co recoñecemento incidental das resolucións xudiciais, contenciosas ou ditadas en procedementos de xurisdición voluntaria, presentadas a inscrición, se foren firmes ou definitivas, ou anotación noutro caso. Non obstante, o interesado na inscrición pode acudir previamente ao recoñecemento principal da resolución para despois pretender a inscrición, que se practicará segundo as regras xerais da lexislación rexistral en relación con resolucións xudiciais españolas.

A lei prevé a adaptación dos títulos estranxeiros. Como unha aplicación específica desta técnica, o rexistrador poderaa utilizar para o caso de que se ordenen medidas ou se incorporen institucións ou dereitos que resulten descoñecidos no dereito español, caso en



que se adaptarán, no posible, a unha medida ou orde prevista ou coñecida no ordenamento xurídico español que teña efectos equivalentes e persiga unha finalidade e intereses similares, sen que tal adaptación teña máis efectos que os dispostos no dereito do Estado de orixe. Será precisa antes da inscrición unha comunicación ao titular do dereito ou medida de que se trate da adaptación que se vai realizar. Queda a salvo, en todo caso, que poida ser impugnada a adaptación realizada. A inscrición dos documentos públicos estranxeiros rexeráse pola lei española específica aplicable.

Finalmente, introdúcese unha disposición derradeira terceira que modifica o artigo 27 da Lei 5/2012, do 6 de xullo, de mediación en asuntos civís e mercantís; unha disposición derradeira segunda que modifica a Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuízamento civil, para adaptala ao establecido no Regulamento (UE) 1015/2012 do Parlamento e do Consello, do 12 de decembro de 2012, relativo á competencia xudicial, ao recoñecemento e á execución de resolucións xudiciais en materia civil e mercantil, e ao Regulamento (UE) n.º 650/2012 do Parlamento Europeo e do Consello, do 4 de xullo 2012, relativo á competencia, á lei aplicable, ao recoñecemento e á execución das resolucións, á aceptación e a execución dos documentos públicos en materia de sucesións «mortis causa» e á creación dun certificado sucesorio europeo; ademais dunha disposición derradeira primeira de modificación da Lei hipotecaria, que incorpora o dito certificado. Por último, mediante a disposición derradeira cuarta, modifícase a Lei 2/2014, do 25 de marzo, da acción e do servizo exterior do Estado, para recoñecer tamén o carácter oficial das traducións de documentos públicos estranxeiros feitas ou asumidas polas representacións de España no exterior ou as feitas por representacións estranxeiras en España de documentos públicos do seu propio Estado. Con iso facilítase a relación dos cidadáns coas administracións públicas, en especial cando se trata de expedientes ou procedementos que se tramitan, polo menos parcialmente, no estranxeiro.

## ÍNDICE

- Título preliminar. Disposicións xerais.
- Artigo 1. Obxecto.
- Artigo 2. Fontes.
- Artigo 3. Principio xeral favorable de cooperación.
- Artigo 4. Comunicacións xudiciais directas.
- Título I. Réxime xeral da cooperación xurídica internacional.
- Capítulo I. Disposicións xerais.
- Artigo 5. Ámbito de aplicación.
- Artigo 6. Efectos.
- Artigo 7. Autoridade central española.
- Artigo 8. Funcións da autoridade central española.
- Artigo 9. Transmisión das solicitudes.
- Artigo 10. Contido e requisitos mínimos das solicitudes de cooperación.
- Artigo 11. Idioma.
- Artigo 12. Tramitación.
- Artigo 13. Procedemento de execución.
- Artigo 14. Motivos de denegación.
- Artigo 15. Execución por funcionarios diplomáticos e consulares españois de dilixencias procesuais.
- Artigo 16. Desprazamento ao estranxeiro de xuíces, maxistrados, fiscais, secretarios xudiciais e funcionarios ao servizo da Administración de xustiza e doutro persoal.
- Artigo 17. Medios técnicos e electrónicos.
- Artigo 18. Gastos, custas e asistencia xurídica gratuíta.
- Artigo 19. Normativa xeral en materia de protección de datos.

- Capítulo II. Dos actos de notificación e traslado de documentos xudiciais.
- Artigo 20. Ámbito de aplicación
  - Artigo 21. Medios de comunicación, notificación e traslado ao estranxeiro.
  - Artigo 22. Medios de comunicación, notificación e traslado en España.
  - Artigo 23. Data de notificación ou traslado.
  - Artigo 24. Incomparecencia do demandado.
  - Artigo 25. Idioma.
  - Artigo 26. Certificado.
  - Artigo 27. Emprazamentos e comunicacións xudiciais dirixidos a Estados estranxeiros.
- Capítulo III. Dos actos de notificación e traslado de documentos extraxudiciais.
- Artigo 28. Documentos extraxudiciais.
- Capítulo IV. Da práctica e obtención de probas.
- Artigo 29. Ámbito de aplicación.
  - Artigo 30. Contido da solicitude.
  - Artigo 31. Descrición das dilixencias de obtención de proba.
  - Artigo 32. Práctica en España da proba solicitada por unha autoridade estranxeira.
- Título II. Da proba do dereito estranxeiro.
- Artigo 33. Da proba do dereito estranxeiro.
- Título III. Da información do dereito estranxeiro.
- Artigo 34. Da información xurídica.
  - Artigo 35. Das solicitudes de información de dereito estranxeiro.
  - Artigo 36. Das solicitudes de información de dereito español.
- Título IV. Da litispendencia e da conexidade internacionais.
- Capítulo I. Disposicións xerais.
- Artigo 37. Concepto de pendencia.
  - Artigo 38. Procedemento.
- Capítulo II. Da litispendencia internacional
- Artigo 39. Litispendencia internacional.
- Capítulo III. Das demandas conexas.
- Artigo 40. Demandas conexas.
- Título V. Do recoñecemento e execución de resolucións xudiciais e documentos públicos estranxeiros, do procedemento de *exequatur* e da inscrición en rexistros públicos.
- Capítulo I. Disposicións xerais.
- Artigo 41. Ámbito de aplicación.
  - Artigo 42. Procedemento de *exequatur*.
  - Artigo 43. Definicións.
- Capítulo II. Do recoñecemento.
- Artigo 44. Recoñecemento.
  - Artigo 45. Resolucións estranxeiras susceptibles de modificación.
  - Artigo 46. Causas de denegación do recoñecemento.

Artigo 47. Accións colectivas.

Artigo 48. Prohibición de revisión do fondo.

Artigo 49. Recoñecemento parcial.

Capítulo III. Da execución.

Artigo 50. Execución.

Artigo 51. Execución de transaccións xudiciais.

Capítulo IV. Do procedemento xudicial de *exequatur*.

Artigo 52. Competencia.

Artigo 53. Asistencia xurídica gratuíta.

Artigo 54. Proceso.

Artigo 55. Recursos.

Capítulo V. Dos documentos públicos estranxeiros.

Artigo 56. Execución de documentos públicos estranxeiros.

Artigo 57. Adecuación de institucións xurídicas estranxeiras.

Capítulo VI. Da inscrición en rexistros públicos.

Artigo 58. Disposicións xerais.

Artigo 59. Inscrición de resolucións xudiciais estranxeiras.

Artigo 60. Inscrición de documentos públicos estranxeiros.

Artigo 61. Adaptación.

Disposición adicional primeira. Normas especiais en materia de cooperación xurídica internacional en materia civil e mercantil.

Disposición adicional segunda. Formularios normalizados.

Disposición adicional terceira. Previsión de custos.

Disposición transitoria única. Réxime aplicable aos procesos en tramitación.

Disposición derogatoria única. Derrogación de normas.

Disposición derradeira primeira. Modificación da Lei hipotecaria.

Disposición derradeira segunda. Modificación da Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuízamento civil.

Disposición derradeira terceira. Modificación da Lei 5/2012, do 6 de xullo, de mediación en asuntos civís e mercantís.

Disposición derradeira cuarta. Modificación da Lei 2/2014, do 25 de marzo, da acción e do servizo exterior do Estado.

Disposición derradeira quinta. Título competencial.

Disposición derradeira sexta. Entrada en vigor.

## TÍTULO PRELIMINAR

### Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto*.

1. A presente lei regula a cooperación xurídica internacional entre as autoridades españolas e estranxeiras.

2. Esta lei aplícase en materia civil e mercantil, con independencia da natureza do órgano xurisdiccional, e inclúe a responsabilidade civil derivada de delito e os contratos de traballo.

Artigo 2. *Fontes*.

A cooperación xurídica internacional en materia civil e mercantil réxese:

a) Polas normas da Unión Europea e dos tratados internacionais en que España sexa parte.

- b) Polas normas especiais do dereito interno.
- c) Subsidiariamente, pola presente lei.

Artigo 3. *Principio xeral favorable de cooperación.*

1. As autoridades españolas cooperarán coas autoridades estranxeiras nas materias obxecto desta lei conforme o establecido no artigo anterior.

2. Malia non se exixir reciprocidade, o Goberno poderá, mediante real decreto, establecer que as autoridades españolas non cooperarán coas autoridades dun Estado estranxeiro cando exista unha denegación reiterada de cooperación ou prohibición legal de prestala por parte das autoridades do dito Estado.

3. Na interpretación e na aplicación da presente lei procurarase asegurar unha tutela xudicial internacionalmente efectiva dos dereitos e intereses lexítimos dos particulares.

4. Todas as solicitudes de cooperación xurídica internacional se levarán a cabo e se executarán sen dilación, de acordo cos principios de flexibilidade e coordinación.

Artigo 4. *Comunicacións xudiciais directas.*

Os órganos xurisdicionais españois estarán habilitados para o establecemento de comunicacións xudiciais directas, respectando, en todo caso, a lexislación en vigor en cada Estado. Enténdense por comunicacións xudiciais directas aquelas que teñen lugar entre órganos xurisdicionais nacionais e estranxeiros sen ningunha intermediación. Tales comunicacións non afectarán nin comprometerán a independencia dos órganos xurisdicionais involucrados nin os dereitos de defensa das partes.

## TÍTULO I

### Réxime xeral da cooperación xurídica internacional

#### CAPÍTULO I

##### Disposicións xerais

Artigo 5. *Ámbito de aplicación.*

O presente título aplícase aos actos de cooperación xurídica internacional, en particular aos actos de comunicación e traslado de documentos xudiciais e extraxudiciais, tales como notificacións, citacións e requirimentos, así como ás comisións rogatorias que teñan por obxecto os actos relativos á obtención e á práctica de probas.

Artigo 6. *Efectos.*

Os actos de cooperación xurídica internacional realizados por autoridades españolas non prexulgan a determinación da competencia xudicial internacional nin o recoñecemento e a execución en España de resolucións xudiciais estranxeiras.

Artigo 7. *Autoridade central española.*

A autoridade central española en materia de cooperación xurídica internacional en materia civil é o Ministerio de Xustiza.

Artigo 8. *Funcións da autoridade central española.*

Corresponde á autoridade central española:

- a) Verificar a adecuación das solicitudes que se reciban ao previsto nos artigos 10, 11, 30 e 31 e demais normas concordantes de aplicación.

- b) Prestar o auxilio e a colaboración que as autoridades xudiciais competentes requiran en materia de cooperación xurídica internacional.
- c) Garantir a correcta tramitación das solicitudes de cooperación xurídica internacional.
- d) Promover o uso das redes internas e internacionais de cooperación dispoñibles.
- e) Proporcionar información sobre dereito español cando proceda conforme o previsto no artigo 36, así como información sobre dereito estranxeiro, conforme o disposto nos artigos 34 e 35.
- f) Solucionar, no posible, as dificultades que se poidan suscitar no cumprimento das solicitudes de cooperación xurídica internacional.
- g) Colaborar coas autoridades centrais doutros Estados, así como con outras autoridades españolas e estranxeiras.

#### Artigo 9. *Transmisión das solicitudes.*

As solicitudes de cooperación xurídica internacional en materia civil poderanse transmitir, sempre que estivesen previstas no ordenamento xurídico de ambos os dous Estados, por calquera das seguintes vías:

- a) Pola vía consular ou diplomática.
- b) A través das respectivas autoridades centrais.
- c) Directamente entre os órganos xurisdicionais.
- d) Por conduto notarial, se iso é compatible coa natureza do acto de cooperación.

#### Artigo 10. *Contido e requisitos mínimos das solicitudes de cooperación.*

1. As solicitudes de cooperación xurídica internacional deberán especificar:

- a) A autoridade requirente e, se for coñecida, a autoridade requirida, con indicación de todos os datos dispoñibles, en particular do enderezo postal e electrónico.
- b) O nome e o enderezo das partes e, de ser o caso, dos seus representantes procesuais.
- c) O nome e o enderezo da persoa a quen se refira a dilixencia, e cantos datos adicionais de identificación foren coñecidos e necesarios para o cumprimento da solicitude.
- d) O proceso xudicial e o obxecto deste, así como unha exposición sumaria dos feitos.
- e) Unha descrición detallada da dilixencia solicitada e das resolucións ou decisións en que se fundamente.
- f) Os documentos debidamente traducidos e, de ser o caso, debidamente legalizados ou apostilados, así como unha relación detallada deles.
- g) No caso de estar suxeita a dilixencia solicitada a prazo ou ser de urxente realización, a indicación dos prazos precisos para o cumprimento e unha motivación das razóns que xustifican a urxencia.

2. A autoridade central española comprobará que a solicitude de cooperación reúne o contido e os requisitos que sinalan o punto anterior e o artigo 11. Cando a solicitude non reúna tales requisitos devolverse á autoridade requirente, con indicación dos motivos concretos da devolución.

#### Artigo 11. *Idioma.*

1. Ás solicitudes de cooperación xurídica internacional, e aos seus documentos adxuntos, que se dirixan a unha autoridade estranxeira, deberá xuntarse unha tradución a unha lingua oficial do Estado requirido ou aceptada por este.

2. Ás solicitudes de cooperación xurídica internacional dirixidas ás autoridades españolas, e aos seus documentos adxuntos, deberá xuntarse unha tradución conforme o artigo 144 da Lei de axuízamento civil.



#### Artigo 12. *Tramitación.*

1. As solicitudes de cooperación xurídica internacional acordadas polas autoridades españolas enviaranse mediante oficio á autoridade central española, que lleas transmitirá ás autoridades competentes do Estado requirido, ben por vía diplomática ou consular, ben a través da autoridade central do dito Estado se existir e se a iso non se opuxer a súa lexislación. Poderanas, así mesmo, remitir directamente as autoridades españolas ás autoridades competentes do Estado requirido, de acordo co previsto no artigo 9, se iso estiver previsto na súa lexislación.

2. Sen prexuízo da posibilidade de comunicacións xudiciais directas, as solicitudes de cooperación xurídica internacional acordadas por autoridades estranxeiras transmitiranse á autoridade central española, que as remitirá ás autoridades españolas competentes para a súa execución.

3. A transmisión poderase realizar por calquera medio que garanta a seguridade e a confidencialidade das comunicacións e que os documentos son auténticos e lexibles.

4. Unha vez executadas, as solicitudes devolveranse pola vía de transmisión utilizada para cursalas.

#### Artigo 13. *Procedemento de execución.*

As solicitudes de cooperación xurídica internacional executaranse sen dilación conforme as normas procesuais españolas. Excepcionalmente e por solicitude da autoridade estranxeira requirente, poderanse aceptar formalidades ou procedementos especiais, se iso é compatible coa lexislación española e resulta practicable.

#### Artigo 14. *Motivos de denegación.*

1. As autoridades xudiciais españolas denegarán as solicitudes de cooperación xurídica internacional cando:

- a) O obxecto ou a finalidade da cooperación solicitada sexan contrarios á orde pública.
- b) O proceso de que dimane a solicitude de cooperación sexa da exclusiva competencia da xurisdición española.
- c) O contido do acto que se vai realizar non corresponda ás atribucións propias da autoridade xudicial española requirida. De ser o caso, esta poderá remitirle a solicitude á autoridade competente e informará diso a autoridade requirente.
- d) A solicitude de cooperación internacional non reúna o contido e os requisitos mínimos exixidos por esta lei para a súa tramitación.
- e) Se cumpra o suposto recollido no número 2 do artigo 3.

2. Comunicaráselles ás autoridades requirentes a resolución motivada pola cal se denegue a solicitude de cooperación.

#### Artigo 15. *Execución por funcionarios diplomáticos e consulares españois de dilixencias procesuais.*

1. As dilixencias que resulten dun procedemento tramitado ante a autoridade xudicial española poderá executalas no estranxeiro un funcionario diplomático ou consular español sempre que non impliquen coacción, a lei española non requira de modo inescusable a presenza de autoridade xudicial, deban realizarse na demarcación consular e a iso non se opoña a lexislación do Estado receptor.

2. Nestes casos, a autoridade xudicial española elevará oficio á autoridade central española para que esta traslade a solicitude ao Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación, que a fará chegar ao funcionario diplomático ou consular español encargado da súa execución.

Artigo 16. *Desprazamento ao estranxeiro de xuíces, maxistrados, fiscais, secretarios xudiciais e funcionarios ao servizo da Administración de xustiza e doutro persoal.*

As autoridades españolas están habilitadas, con carácter xeral, para desprazarse a un Estado estranxeiro co fin de levar a cabo ou intervir nas dilixencias procesuais que deban efectuar no dito Estado. Estes desprazamentos axustaranse, en todo caso, ao previsto pola lexislación específica.

Artigo 17. *Medios técnicos e electrónicos.*

1. Poderá solicitarse a utilización de calquera medio técnico e electrónico de comunicación para efectuar as dilixencias de cooperación xurídica internacional que se deban levar a cabo no territorio doutro Estado.

2. Se no órgano xurisdiccional do Estado requirente ou requirido non se dispón de acceso aos indicados medios, será admisible calquera acordo que permita a súa facilitación.

Artigo 18. *Gastos, custas e asistencia xurídica gratuíta.*

1. Os gastos relativos ao trámite e execución das solicitudes de cooperación xurídica internacional serán a cargo da autoridade requirente ou, de ser o caso, da parte por cuxa instancia se realicen.

2. Respecto ás actuacións procesuais que realicen autoridades españolas, o interesado poderá solicitar as prestacións que puidesen corresponderlle conforme a normativa sobre asistencia xurídica gratuíta.

Cando o solicitante da cooperación estea exento do pagamento dos gastos das actuacións procesuais, aplicarase o previsto para os que gocen do dereito á asistencia xurídica gratuíta.

3. A autoridade central española non estará obrigada a asumir ningún gasto en relación coas solicitudes presentadas en virtude do disposto neste título nin, dado o caso, polos gastos derivados da participación dun avogado, procurador ou outro profesional requirido. A autoridade central española poderá solicitar unha provisión de fondos.

Artigo 19. *Normativa xeral en materia de protección de datos.*

1. As solicitudes de cooperación xurídica internacional conterán unicamente os datos persoais necesarios para a súa execución. Os datos transmitidos non poden usarse nin tratarse para fins non directamente relacionados coa solicitude sen a expresa autorización da autoridade requirente.

2. As solicitudes de cooperación xurídica internacional cursadas por instancia dun órgano xurisdiccional español farán constar que os datos persoais contidos nelas se transmiten para os únicos efectos previstos na solicitude, e non poden usarse ou tratarse para fins non directamente relacionados ou derivados daquela sen a expresa autorización da autoridade requirente.

3. O xuíz poderá adoptar, de oficio ou por instancia de parte, as salvagardas necesarias para protexer a confidencialidade dos datos persoais.

## CAPÍTULO II

### **Dos actos de notificación e traslado de documentos xudiciais**

Artigo 20. *Ámbito de aplicación.*

O presente capítulo regula os requisitos especiais aplicables aos actos de notificación e traslado de documentos xudiciais que deban ser remitidos desde España a un Estado estranxeiro ou desde un Estado estranxeiro a España, sen prexuízo do disposto no artigo 9.

Artigo 21. *Medios de comunicación, notificación e traslado ao estranxeiro.*

1. Os órganos xurisdiccionais españois poderán transmitir solicitudes de notificación e traslado de documentos ao estranxeiro:

a) A través da autoridade central española, que as fará chegar ás autoridades competentes do Estado requirido por vía consular ou diplomática, ou a través da súa autoridade central, conforme o previsto no artigo 12.1.

b) Directamente á autoridade competente do Estado requirido conforme o previsto no artigo 12.1.

2. Sempre que non se opoña á lexislación do Estado de destino, as autoridades españolas poderán practicar as comunicacións directamente aos seus destinatarios por correo postal certificado ou medio equivalente con xustificante de recepción ou outra garantía que permita deixar constancia de que se recibiu.

Artigo 22. *Medios de comunicación, notificación e traslado en España.*

Para a práctica de notificación e traslado de documentos xudiciais en España que proveñan dunha autoridade estranxeira, serán aceptables as vías previstas no número 1 do artigo anterior. Admítense tamén a comunicación directa ao destinatario por correo postal certificado ou medio equivalente con xustificante de recepción ou outra garantía que permita deixar constancia de que se recibiu.

Artigo 23. *Data de notificación ou traslado.*

A data de notificación ou traslado será aquela en que o documento fose efectivamente notificado ou trasladado de conformidade co dereito interno do Estado requirido ou do lugar da notificación e do traslado.

Artigo 24. *Incomparecencia do demandado.*

1. Cando un escrito de demanda ou un documento equivalente fose remitido a outro Estado para a súa notificación ou traslado e o demandado non compareza, suspenderase o procedemento mentres non se acredite que o documento foi regularmente notificado. Iso non impedirá a adopción de medidas provisionais e cautelares.

2. Transcorridos seis meses desde a data de envío do documento, a autoridade competente proverá por instancia de parte interesada mesmo cando non puidese certificar que tivo lugar a notificación

Artigo 25. *Idioma.*

1. Sen prexuízo do que poida exixir a lei do Estado de destino, aos documentos obxecto de notificación ou traslado ao estranxeiro deberá xuntarse unha tradución á lingua oficial do Estado de destino ou a unha lingua que o destinatario entenda.

2. Se a comunicación provén de autoridades estranxeiras e se dirixe a un destinatario en España, aos documentos deberá xuntarse unha tradución ao español ou, de ser o caso, á lingua oficial propia da comunidade autónoma de que se trate, ou a unha lingua que o destinatario entenda, nos termos establecidos no número anterior.

Artigo 26. *Certificado.*

Unha vez realizada calquera dilixencia de notificación ou de traslado, poderase solicitar a emisión por parte do Estado requirido dun certificado relativo ao cumprimento dos trámites e forma en que se levou a cabo a dilixencia. Poderase utilizar para iso o idioma do propio Estado requirido.

Artigo 27. *Emprazamentos e comunicacións xudiciais dirixidos a Estados estranxeiros.*

1. Os emprazamentos, citacións, requirimentos e calquera outro acto de comunicación xudicial dirixido a Estados estranxeiros realizaranse por vía diplomática a través do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación, e deberanse comunicar por nota verbal e de conformidade co establecido na Convención de Viena sobre relacións diplomáticas do 18 de abril de 1961.

2. Os órganos xurisdicionais españois comunicaranlle ao Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación a existencia de calquera procedemento contra un Estado estranxeiro para os únicos efectos de que aquel emita informe en relación coas cuestións relativas á inmunidade de xurisdición e execución, do cal dará traslado ao órgano xurisdicional competente pola mesma vía.

3. Nos procesos civís que se sigan en España contra Estados estranxeiros, o primeiro emprazamento, que se realizará pola vía diplomática prevista no número 1, entenderase efectuado dous meses despois da data que conste na dilixencia ou no xustificante acreditativo da súa recepción.

### CAPÍTULO III

#### **Dos actos de notificación e traslado de documentos extraxudiciais**

Artigo 28. *Documentos extraxudiciais.*

1. Os documentos autorizados ou expedidos por notario, autoridade ou funcionario competente poderán ser obxecto de traslado ou notificación de conformidade coas previsións do capítulo anterior que lle sexan aplicables atendendo á súa especial natureza.

2. Os documentos extraxudiciais poderán ser remitidos a notario, autoridade ou funcionario público a través da autoridade central ou de forma directa.

3. A solicitude conterá, polo menos, a seguinte información:

- a) A natureza, a data e a identificación do documento.
- b) O nome e o enderezo postal ou electrónico do notario, autoridade ou funcionario que o autorízase ou expedise.
- c) A pretensión notificada e as consecuencias, de ser o caso, do seu incumprimento e, se se indicase, o prazo requirido para iso.

### CAPÍTULO IV

#### **Da práctica e obtención de probas**

Artigo 29. *Ámbito de aplicación.*

1. O presente capítulo aplícase á práctica e á obtención de probas no estranxeiro para que produzan efecto nun procedemento xudicial en España, ou en España para que produzan efecto nun proceso estranxeiro.

2. A proba solicitada debe ter relación directa cun proceso xa iniciado ou futuro.

3. Cando se solicite en España a práctica dunha proba con anterioridade ao inicio do procedemento xudicial estranxeiro, exíxrase que a práctica anticipada da proba sexa admisible conforme a lexislación española.

A proba practicada en España que deba producir efectos nun proceso estranxeiro deberá respectar as garantías previstas na lexislación española e practicarse conforme a normativa procesual española.

Artigo 30. *Contido da solicitude.*

Ademais da prevista no artigo 10, as solicitudes de cooperación internacional en materia de obtención de probas deberán reunir a seguinte información:

- a) A descrición das dilixencias de obtención de probas solicitadas.

b) A indicación de se se solicita a práctica da proba conforme un procedemento previsto na lexislación do Estado requirente e as aclaracións necesarias para a súa aplicación.

c) A indicación de se se solicita o uso de medios tecnolóxicos de comunicación.

d) A solicitude das partes interesadas, os seus representantes ou algún funcionario do Estado requirente para asistir á execución da dilixencia solicitada.

#### Artigo 31. *Descrición das dilixencias de obtención de proba.*

Para os efectos do previsto no artigo anterior, as dilixencias de obtención de proba detallarán os seguintes aspectos:

a) Se se trata dunha solicitude dirixida a tomar declaración a unha persoa, o nome e o enderezo desa persoa, as preguntas que se lle deban formular ou os feitos sobre os cales verse; de ser o caso, información sobre a existencia do dereito a non prestar declaración conforme o ordenamento xurídico do Estado requirente; a solicitude de recibir a declaración baixo xuramento ou promesa de dicir a verdade ou, de ser o caso, a fórmula que se deba empregar, e calquera outra información que o órgano xurisdiccional requirente considere necesaria.

b) Se se trata de exame de testemuñas, o nome e os apelidos, así como todos os datos de identificación e de localización destas de que se dispoña; de ser o caso, as preguntas que se lle deberán formular á testemuña ou a exposición dos feitos sobre os cales se efectuará o seu exame; o dereito a negarse a testificar segundo a lexislación do Estado requirente; o rogo de que se examine a testemuña baixo xuramento ou promesa ou en forma de declaración, e calquera outra información que o órgano xurisdiccional requirente considere necesaria.

c) Se se trata de calquera outra proba, os documentos ou outros obxectos que se deban examinar. No caso de que se solicite a exhibición de documentos ou outros soportes de información, estes deberán estar identificados razoablemente; ademais, deberanse especificar aqueles feitos ou circunstancias que permitan soste que os documentos pedidos se encontran baixo o control ou a custodia da persoa a quen sexan requiridos e especificarse, de ser o caso, o dereito a non achegar documentos segundo a lexislación do Estado requirente.

#### Artigo 32. *Práctica en España da proba solicitada por unha autoridade estranxeira.*

1. Recibida a solicitude dunha autoridade estranxeira, practicarase a proba e, unha vez formalizada a comisión rogatoria, remitiranse ao requirente os documentos que o acrediten.

2. A proba non se practicará cando concorra algún dos motivos de denegación establecidos no artigo 14. En calquera caso, a proba non se practicará cando a persoa designada xustifique a súa negativa nunha exención ou nunha prohibición de declarar ou de achegar documentos, establecida ou recoñecida pola lei española ou pola lei do Estado requirente.

3. Cando se denegue a práctica da proba deberánselle devolver ao requirente os documentos, con expresión dos motivos de denegación.

## TÍTULO II

### Da proba do dereito estranxeiro

#### Artigo 33. *Da proba do dereito estranxeiro.*

1. A proba do contido e da vixencia do dereito estranxeiro someterase ás normas da Lei de axuízamento civil e demais disposicións aplicables na materia.



2. Os órganos xurisdicionais españois determinarán o valor probatorio da proba practicada para acreditar o contido e vixencia do dereito estranxeiro de acordo coas regras da sa crítica.

3. Con carácter excepcional, naqueles supostos en que non puidesen acreditar as partes o contido e vixencia do dereito estranxeiro, poderá aplicarse o dereito español.

4. Ningún informe ou ditame, nacional ou internacional, sobre dereito estranxeiro terá carácter vinculante para os órganos xurisdicionais españois.

### TÍTULO III

#### Da información do dereito estranxeiro

##### Artigo 34. *Da información xurídica.*

A información do dereito estranxeiro poderase referir ao texto, vixencia e contido da lexislación, ao seu sentido e alcance, á xurisprudencia, ao marco procedemental e da organización xudicial e a calquera outra información xurídica relevante.

##### Artigo 35. *Das solicitudes de información de dereito estranxeiro.*

1. Sen prexuízo da posibilidade de comunicacións xudiciais directas, os órganos xudiciais, así como os notarios e rexistradores, poderán elevar as solicitudes de información de dereito estranxeiro mediante oficio á autoridade central española para ser utilizadas nun proceso xudicial español ou por unha autoridade española no marco das súas competencias.

2. A solicitude de información poderá conter a petición de informes de autoridades, ditames periciais de xuristas expertos, xurisprudencia, textos legais certificados e calquera outra que se considere relevante.

3. A autoridade central fará chegar as solicitudes ás autoridades competentes do Estado requirido, ben pola vía consular ou diplomática, ben a través da súa autoridade central se existe e está previsto no seu ordenamento. A autoridade central española facilitará, de ser o caso, as comunicacións xudiciais directas entre órganos xurisdicionais españois e estranxeiros.

4. As solicitudes de información deberán especificar a autoridade requirente con mención do seu enderezo postal ou electrónico, a natureza do asunto, unha exposición detallada dos feitos que motivan a solicitude e os concretos elementos probatorios que se solicitan, todo iso debidamente traducido ao idioma da autoridade requirida. Poderán unirse á solicitude de información copias daqueles documentos que se consideren imprescindibles para precisar o seu alcance.

5. Cando se solicite un elemento probatorio que supoña un custo, este será a cargo da parte solicitante. Neste caso poderá ser solicitada provisión de fondos.

##### Artigo 36. *Das solicitudes de información de dereito español.*

1. Sen prexuízo da posibilidade de comunicacións xudiciais directas, as autoridades estranxeiras poderán dirixir as solicitudes de información de dereito español á autoridade central española para ser utilizadas nun proceso xudicial estranxeiro ou por unha autoridade estranxeira no marco das súas competencias.

2. A solicitude de información poderá conter a petición de informes de autoridades, ditames periciais de xuristas expertos, xurisprudencia, textos legais certificados e calquera outra que se considere relevante.

3. As solicitudes de información deberán especificar a autoridade requirente con mención do seu enderezo postal ou electrónico, a natureza do asunto, unha exposición detallada dos feitos que motivan a solicitude e os concretos elementos probatorios que se solicitan, todo iso debidamente traducido ao español.

4. As solicitudes de información de dereito español poderán ser respondidas directamente pola autoridade central española ou transmitidas a outros organismos públicos ou privados.

5. Cando se solicite un elemento probatorio que supoña un custo, este sempre será a cargo da autoridade requirente e para tales efectos poderá ser solicitada provisión de fondos.

## TÍTULO IV

### Da litispendencia e da conexidade internacionais

#### CAPÍTULO I

##### Disposicións xerais

Artigo 37. *Concepto de pendencia.*

Para os efectos deste título, un proceso considerárase pendente desde o momento de interposición da demanda, se despois é admitida.

Artigo 38. *Procedemento.*

As excepcións de litispendencia e de conexidade internacionais alegaranse e tramitaranse como a excepción da litispendencia interna.

#### CAPÍTULO II

##### Da litispendencia internacional

Artigo 39. *Litispendencia internacional.*

1. Cando, no momento en que se interpón unha demanda ante un órgano xurisdiccional español exista un proceso pendente con idéntico obxecto e causa de pedir, entre as mesmas partes, ante os órganos xurisdicionais dun Estado estranxeiro, o órgano xurisdiccional español poderá suspender o procedemento, por instancia de parte e logo de informe do Ministerio Fiscal, sempre que se cumpran os seguintes requisitos:

a) Que a competencia do órgano xurisdiccional estranxeiro obedeza a unha conexión razoable co litixio. Presumirase a existencia dunha conexión razoable cando o órgano xurisdiccional estranxeiro tivese baseado a súa competencia xudicial internacional en criterios equivalentes aos previstos na lexislación española para ese caso concreto.

b) Que sexa previsible que o órgano xurisdiccional estranxeiro dite unha resolución susceptible de ser recoñecida en España.

c) E que o órgano xurisdiccional español considere necesaria a suspensión do procedemento en prol da boa administración de xustiza.

2. Os órganos xurisdicionais españois poderán acordar a continuación do proceso en calquera momento, por instancia de parte e logo de informe do Ministerio Fiscal, cando conorra algunha das seguintes circunstancias:

a) Que o tribunal estranxeiro se declarase incompetente ou se, requirido por calquera das partes, non se pronunciase sobre a súa propia competencia.

b) Que o proceso ante o órgano xurisdiccional do outro Estado sexa suspendido ou fose sobresido.

c) Que se estime pouco probable que o proceso ante o órgano xurisdiccional do outro Estado conclúa nun tempo razoable.

d) Que se considere necesaria a continuación do proceso para a boa administración de xustiza.

e) Que se entenda que a sentenza definitiva que eventualmente poida chegar a ditarse non será susceptible de ser recoñecida e, de ser o caso, executada en España.

3. O órgano xurisdiccional español porá fin ao proceso e arquivará as actuacións se o proceso ante o órgano xurisdiccional do outro Estado concluíu cunha resolución susceptible de recoñecemento e, de ser o caso, de execución en España.

### CAPÍTULO III

#### Das demandas conexas

Artigo 40. *Demandas conexas.*

1. Para os efectos deste artigo consideraranse conexas as demandas vinculadas entre si por unha relación tan estreita que sería oportuno tramitalas e xulgalas ao mesmo tempo co fin de evitar resolucións inconciliabes.

2. Cando exista un proceso pendente ante os órganos xurisdiccionais dun Estado estranxeiro no momento en que se interpón ante un órgano xurisdiccional español unha demanda conexas, este último poderá, por instancia de parte, e logo de informe do Ministerio Fiscal, suspender o proceso sempre que se cumpran os seguintes requisitos:

a) Que sexa conveniente oír e resolver conxuntamente as demandas conexas para evitar o risco de resolucións inconciliabes.

b) Que sexa previsible que o órgano xurisdiccional do Estado estranxeiro dite unha resolución susceptible de ser recoñecida en España.

c) Que o órgano xurisdiccional español considere necesaria a suspensión do proceso en prol da boa administración de xustiza.

3. O órgano xurisdiccional español poderá continuar co proceso en calquera momento, por instancia de parte e logo de informe do Ministerio Fiscal, cando concorra algunha das seguintes circunstancias:

a) Que considere que xa non existe risco de resolucións contraditorias.

b) Que o proceso estranxeiro sexa suspendido ou concluído.

c) Que considere pouco probable que o proceso estranxeiro se poida concluír nun tempo razoable.

d) Que considere necesaria a continuación do proceso en prol da boa administración de xustiza.

### TÍTULO V

#### Do recoñecemento e execución de resolucións xudiciais e documentos públicos estranxeiros, do procedemento de exequatur e da inscrición en rexistros públicos

### CAPÍTULO I

#### Disposicións xerais

Artigo 41. *Ámbito de aplicación.*

1. Serán susceptibles de recoñecemento e execución en España, de conformidade coas disposicións deste título, as resolucións estranxeiras firmes ditadas nun procedemento contencioso.

2. Tamén serán susceptibles de recoñecemento e execución, de conformidade coas disposicións deste título, as resolucións estranxeiras definitivas adoptadas no marco dun procedemento de xurisdicción voluntaria.

3. Serán susceptibles de execución os documentos públicos estranxeiros nos termos previstos nesta lei.

4. Soamente serán susceptibles de recoñecemento e execución as medidas cautelares e provisionais, cando a súa denegación supoña unha vulneración da tutela xudicial efectiva, e sempre que se adoptasen logo de audiencia da parte contraria.

Artigo 42. *Procedemento de exequatur.*

1. O procedemento para declarar a título principal o recoñecemento dunha resolución xudicial estranxeira e, de ser o caso, para autorizar a súa execución denominarase procedemento de *exequatur*.

2. O mesmo procedemento se poderá utilizar para declarar que unha resolución estranxeira non é susceptible de recoñecemento en España por incorrer nalgunha das causas de denegación previstas no artigo 46.

Artigo 43. *Definicións.*

Para os efectos deste título entenderase por:

a) Resolución: calquera decisión adoptada por un órgano xurisdiccional dun Estado, con independencia da súa denominación, incluída a resolución pola cal o secretario xudicial ou autoridade similar liquide as custas do proceso.

b) Resolución firme: aquela contra a que non cabe recurso no Estado de orixe.

c) Órgano xurisdiccional: toda autoridade xudicial ou toda autoridade que teña atribucións análogas ás das autoridades xudiciais dun Estado, con competencia nas materias propias desta lei.

d) Transacción xudicial: todo acordo aprobado por un órgano xurisdiccional dun Estado ou concluído ante un órgano xurisdiccional dun Estado no curso do procedemento.

e) Documento público: calquera documento formalizado ou rexistrado oficialmente con esta denominación nun Estado e cuxa autenticidade se refira á sinatura e ao contido do instrumento, e fose establecida por unha autoridade pública ou outra autoridade habilitada para tal fin.

## CAPÍTULO II

### Do recoñecemento

Artigo 44. *Recoñecemento.*

1. Recoñeceranse en España as resolucións estranxeiras que cumpran cos requisitos previstos nas disposicións deste título.

2. Cando o recoñecemento dunha resolución estranxeira se formule de forma incidental nun procedemento xudicial, o xuíz que coñeza deste deberase pronunciar respecto ao dito recoñecemento no seo de cada procedemento xudicial segundo o disposto nas leis procesuais. A eficacia do recoñecemento incidental quedará limitada ao resolto no proceso principal e non impedirá que se solicite o *exequatur* da resolución estranxeira.

3. En virtude do recoñecemento, a resolución estranxeira poderá producir en España os mesmos efectos que no Estado de orixe.

4. Se unha resolución contén unha medida que é descoñecida no ordenamento xurídico español, adaptarase a unha medida coñecida que teña efectos equivalentes e persiga unha finalidade e intereses similares, aínda que tal adaptación non terá máis efectos que os dispostos no dereito do Estado de orixe. Calquera das partes poderá impugnar a adaptación da medida.

Artigo 45. *Resolucións estranxeiras susceptibles de modificación.*

1. Unha resolución estranxeira poderá ser modificada polos órganos xurisdicionais españois sempre que obtivese previamente o seu recoñecemento por vía principal ou incidental conforme as disposicións deste título.

2. Isto non impedirá que se poida formular unha nova demanda nun procedemento declarativo ante os órganos xurisdicionais españois.

Artigo 46. *Causas de denegación do recoñecemento.*

1. As resolucións xudiciais estranxeiras firmes non se recoñecerán:

a) Cando fosen contrarias á orde pública.

b) Cando a resolución se ditase con manifesta infracción dos dereitos de defensa de calquera das partes. Se a resolución se ditase en rebeldía, enténdese que concorre unha manifesta infracción dos dereitos de defensa se non se entregou ao demandado cédula de emprazamento ou documento equivalente de forma regular e con tempo suficiente para que puidese defenderse.

c) Cando a resolución estranxeira se pronunciar sobre unha materia respecto á cal foren exclusivamente competentes os órganos xurisdicionais españois ou, respecto ás demais materias, se a competencia do xuíz de orixe non obedecer a unha conexión razoable. Presumirase a existencia dunha conexión razoable co litixio cando o órgano xurisdicional estranxeiro basear a súa competencia xudicial internacional en criterios similares aos previstos na lexislación española.

d) Cando a resolución fose inconciliable cunha resolución ditada en España.

e) Cando a resolución fose inconciliable cunha resolución ditada con anterioridade noutro Estado, cando esta última resolución reunise as condicións necesarias para o seu recoñecemento en España.

f) Cando existise un litixio pendente en España entre as mesmas partes e co mesmo obxecto, iniciado con anterioridade ao proceso no estranxeiro.

2. As transaccións xudiciais estranxeiras non se recoñecerán cando fosen contrarias á orde pública.

Artigo 47. *Accións colectivas.*

1. As resolucións estranxeiras ditadas en procedementos derivados de accións colectivas serán susceptibles de recoñecemento e de execución en España. En particular, para a súa opositividade en España a afectados que non se adherisen expresamente, será exixible que a acción colectiva estranxeira fose comunicada ou publicada en España por medios equivalentes aos exixidos pola lei española e que os ditos afectados tivesen as mesmas oportunidades de participación ou desvinculación no proceso colectivo que aqueles domiciliados no Estado de orixe.

2. Nestes casos, a resolución estranxeira non se recoñecerá cando a competencia do órgano xurisdicional de orixe non se basease nun foro equivalente aos previstos na lexislación española.

Artigo 48. *Prohibición de revisión do fondo.*

En ningún caso a resolución estranxeira poderá ser obxecto dunha revisión en canto ao fondo. En particular, non se poderá denegar o recoñecemento polo feito de que o órgano xudicial estranxeiro aplicase un ordenamento distinto ao que correspondería segundo as regras do dereito internacional privado español.



Artigo 49. *Recoñecemento parcial.*

Cando a resolución estranxeira se pronunciar sobre varias pretensións e non puiden recoñecerse a totalidade da decisión, poderase conceder o recoñecemento para un ou varios dos pronunciamentos.

CAPÍTULO III

**Da execución**

Artigo 50. *Execución.*

1. As resolucións xudiciais estranxeiras que teñan forza executiva no Estado de orixe serán executables en España unha vez que se obteña o *exequatur* de acordo co previsto neste título.

2. O procedemento de execución en España das resolucións estranxeiras rexeráse polas disposicións da Lei de axuízamento civil, incluíndo a caducidade da acción executiva.

3. Poderase solicitar a execución parcial dunha resolución.

Artigo 51. *Execución de transaccións xudiciais.*

As transaccións xudiciais estranxeiras que fosen recoñecidas executaranse de conformidade co establecido no artigo anterior.

CAPÍTULO IV

**Do procedemento xudicial de exequatur**

Artigo 52. *Competencia.*

1. A competencia para coñecer das solicitudes de *exequatur* corresponde aos xulgados de primeira instancia do domicilio da parte fronte á cal se solicita o recoñecemento ou a execución, ou da persoa a quen se refiren os efectos da resolución xudicial estranxeira. Subsidiariamente, a competencia territorial determinarase polo lugar de execución ou polo lugar en que a resolución deba producir os seus efectos. En último caso será competente o xulgado de primeira instancia ante o cal se interpoña a demanda de *exequatur*.

2. A competencia dos xulgados do mercantil para coñecer das solicitudes de *exequatur* de resolucións xudiciais estranxeiras que versen sobre materias da súa competencia determinarase conforme os criterios establecidos no número 1.

3. Se a parte contra a cal se insta o *exequatur* estivese sometida a proceso concursal en España e a resolución estranxeira tivese por obxecto algunhas das materias competencia do xuíz do concurso, a competencia para coñecer da solicitude de *exequatur* corresponderá ao xuíz do concurso e tramitarase polos trámites do incidente concursal.

4. O órgano xurisdiccional español controlará de oficio a competencia obxectiva para coñecer destes procesos.

Artigo 53. *Asistencia xurídica gratuíta.*

As partes no proceso de *exequatur* poderán solicitar as prestacións que puideren corresponderlles conforme a Lei 1/1996, do 10 de xaneiro, de asistencia xurídica gratuíta.

Artigo 54. *Proceso.*

1. O proceso de *exequatur*, no cal as partes deberán estar representadas por procurador e asistidas de letrado, iniciarase mediante demanda por instancia de calquera persoa que acredite un interese lexítimo. A demanda de *exequatur* e a solicitude de

execución poderanse acumular no mesmo escrito. Non obstante, non se procederá á execución ata que se dite a resolución que decrete o *exequatur*.

2. Poderase solicitar a adopción de medidas cautelares, conforme as previsións da Lei de axuízamento civil, que aseguren a efectividade da tutela xudicial que se pretenda.

3. A demanda deberase dirixir contra aquela parte ou partes fronte ás cales se queira facer valer a resolución xudicial estranxeira.

4. A demanda axustarase aos requisitos do artigo 399 da Lei de axuízamento civil e deberanse xuntar canda ela:

a) O orixinal ou copia auténtica da resolución estranxeira, debidamente legalizados ou apostilados.

b) O documento que acredite se a resolución se ditou en rebeldía, a entrega ou notificación da cédula de emprazamento ou o documento equivalente.

c) Calquera outro documento acreditativo da firmeza e forza executiva, de ser o caso, da resolución estranxeira no Estado de orixe. Este aspecto poderá constar na propia resolución ou desprenderse así da lei aplicada polo tribunal de orixe.

d) As traducións pertinentes conforme o artigo 144 da Lei de axuízamento civil.

5. A demanda e os documentos presentados serán examinados polo secretario xudicial, que ditará decreto en que admita esta e dea traslado dela á parte demandada para que se opoña no prazo de trinta días. O demandado poderá xuntar ao seu escrito de oposición os documentos, entre outros, que permitan impugnar a autenticidade da resolución estranxeira, a corrección do emprazamento ao demandado, a firmeza e a forza executiva da resolución estranxeira.

6. O secretario xudicial, non obstante, no caso de que aprecie a falta de emenda dun defecto procesual ou dunha posible causa de inadmisión, conforme as leis procesuais españolas, procederá a dar conta ao órgano xurisdiccional para que resolva no prazo de dez días sobre a admisión nos casos en que estime falta de xurisdición ou de competencia, ou cando a demanda teña defectos formais ou a documentación sexa incompleta e non os emendase o demandante no prazo de cinco días concedido para iso polo secretario xudicial.

7. Formalizada a oposición ou transcorrido o prazo para iso sen que esta se formalizase, o órgano xurisdiccional resolverá por medio de auto o que proceda no prazo de dez días.

8. O Ministerio Fiscal intervirá sempre nestes procesos, para cuxo efecto se lle dará traslado de todas as actuacións.

#### Artigo 55. *Recursos.*

1. Contra o auto de *exequatur* só cabe interpor recurso de apelación de conformidade coas previsións da Lei de axuízamento civil. Se o auto contra o que se recorre é estimatorio, o órgano xurisdiccional poderá suspender a execución ou suxeitar a dita execución á prestación da oportuna caución.

2. Contra a resolución ditada pola Audiencia Provincial en segunda instancia, a parte lexitimada poderá interpor o recurso extraordinario por infracción procesual ou o recurso de casación de conformidade coas previsións da Lei de axuízamento civil.

### CAPÍTULO V

#### Dos documentos públicos estranxeiros

#### Artigo 56. *Execución de documentos públicos estranxeiros.*

1. Os documentos públicos expedidos ou autorizados por autoridades estranxeiras serán executables en España se o son no seu país de orixe e non resultan contrarios á orde pública.

2. Para os efectos da súa executabilidade en España deberán ter polo menos a mesma ou equivalente eficacia que os expedidos ou autorizados por autoridades españolas.

Artigo 57. *Adecuación de institucións xurídicas estranxeiras.*

Os notarios e os funcionarios públicos españois, cando sexa necesario para a correcta execución de documentos públicos expedidos ou autorizados por autoridades estranxeiras, poderán adecuar ao ordenamento español as institucións xurídicas descoñecidas en España, e substituiranas por outra ou outras que teñan na nosa lexislación efectos equivalentes e persigan finalidades e intereses similares. Calquera interesado poderá impugnar a adecuación efectuada directamente ante un órgano xurisdiccional.

## CAPÍTULO VI

### Da inscrición en rexistros públicos

Artigo 58. *Disposicións xerais.*

O procedemento rexistral, os requisitos legais e os efectos dos asentos rexistrais someteranse, en todo caso, ás normas do dereito español.

Artigo 59. *Inscrición de resolucións xudiciais estranxeiras.*

1. Non se requirirá procedemento especial para a inscrición nos rexistros españois da propiedade, mercantil e de bens mobles das resolucións xudiciais estranxeiras que non admitan recurso conforme a súa lexislación, xa se trate de resolucións xudiciais firmes ou de resolucións de xurisdición voluntaria definitivas. Se non foren firmes ou definitivas, só poderán ser obxecto de anotación preventiva.

2. Para a inscrición das resolucións xudiciais estranxeiras a que se refire o número anterior, con carácter previo á cualificación do título inscristible, o rexistrador verificará a regularidade e a autenticidade formal dos documentos presentados e a inexistencia das causas de denegación de recoñecemento previstas no capítulo II do presente título, e deberá notificar a súa decisión, por correo, telegrama ou calquera outro medio técnico que permita deixar constancia da recepción, da súa data e do contido do comunicado ao presentante e á parte fronte á cal se pretende facer valer a resolución estranxeira, no domicilio que conste no rexistro ou na resolución presentada, os cales no prazo de vinte días se poderán opor a tal decisión.

Cando non se puidese ter practicado a notificación nos domicilios indicados e, en todo caso, cando o rexistrador adoptar unha decisión contraria ao recoñecemento incidental, suspenderase a inscrición solicitada e o rexistrador remitirá as partes ao xuíz que deba entender do procedemento de recoñecemento a título principal regulado neste título; por instancia do presentante poderá expedirse anotación de suspensión do asento solicitado.

3. Queda sempre a salvo a posibilidade de que o interesado recorra ao proceso de *exequatúr* previsto neste título.

Artigo 60. *Inscrición de documentos públicos estranxeiros.*

Os documentos públicos estranxeiros extraxudiciais poderán ser inscritos nos rexistros públicos españois se cumpren os requisitos establecidos na lexislación específica aplicable e sempre que a autoridade estranxeira interviñese na confección do documento desenvolvendo funcións equivalentes ás que desempeñan as autoridades españolas na materia de que se trate e produza os mesmos ou máis próximos efectos no país de orixe.

Artigo 61. *Adaptación.*

1. Cando a resolución ou o documento público estranxeiro ordene medidas ou incorpore dereitos que resulten descoñecidos no dereito español, o rexistrador procederá á súa adaptación, no posible, a unha medida ou dereito previstos ou coñecidos no ordenamento xurídico español que teñan efectos equivalentes e persigan unha finalidade e intereses similares, ben que tal adaptación non terá máis efectos que os dispostos no dereito do Estado de orixe. Antes da inscrición, o rexistrador comunicará ao titular do dereito ou medida de que se trate a adaptación que se vai realizar.

2. Calquera interesado poderá impugnar a adaptación directamente ante un órgano xurisdiccional.

Disposición adicional primeira. *Normas especiais en materia de cooperación xurídica internacional en materia civil e mercantil.*

Para os efectos do previsto no artigo 2 desta lei, teñen a consideración de normas especiais en materia de cooperación xurídica internacional en materia civil e mercantil, entre outras, as seguintes:

- a) Os artigos 199 a 230 da Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal.
- b) Os artigos 25 a 31 da Lei 54/2007, do 28 de decembro, de adopción internacional.
- c) Os artigos 94 a 100 da Lei 20/2011, do 21 de xullo, do Rexistro Civil.
- d) O artigo 67, número 1, do texto refundido da Lei xeral para a defensa dos consumidores e usuarios e outras normas complementarias, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2007, do 16 de novembro.
- e) O artigo 46 da Lei 60/2003, do 23 de decembro, de arbitraje.
- f) As normas da lei e regulamento hipotecarios, así como do Código de comercio e do Real decreto 1784/1996, do 19 de xullo, polo que se aproba o Regulamento do Rexistro Mercantil, reguladoras da inscrición de documentos estranxeiros en canto sexan compatibles co disposto nesta lei.
- g) As normas de dereito internacional privado contidas na Lei de xurisdición voluntaria.

Disposición adicional segunda. *Formularios normalizados.*

Por medio de orde do ministro de Xustiza poderán establecerse todo tipo de formularios normalizados que faciliten a aplicación da presente lei e a formalización das solicitudes de cooperación xurídica internacional e as comisións rogatorias.

Disposición adicional terceira. *Previsión de custos.*

As medidas incluídas nesta norma non poderán supor incremento de dotacións nin de retribucións nin doutros gastos de persoal.

Disposición transitoria única. *Réxime aplicable aos procesos en tramitación.*

1. Esta lei aplicarase ás solicitudes de cooperación xurídica internacional recibidas polas autoridades españolas con posterioridade á súa entrada en vigor.
2. O título IV aplicarase ás demandas que se presenten ante os órganos xurisdicionais españois con posterioridade á entrada en vigor da lei.
3. O título V aplicarase ás demandas de *exequatur* que se presenten ante os órganos xurisdicionais españois con posterioridade á entrada en vigor da lei, con independencia da data en que se ditase a resolución estranxeira.

Disposición derogatoria única. *Derrogación de normas.*

1. Quedan derogados os artigos 951 a 958 da Lei de axuízamento civil, aprobada polo Real decreto do 3 de febreiro de 1881.
2. Quedan derogadas cantas disposicións se opoñan ao disposto na presente lei.

Disposición derradeira primeira. *Modificación da Lei hipotecaria.*

O parágrafo primeiro do artigo 14 da Lei hipotecaria quedará redactado nos seguintes termos:

«O título da sucesión hereditaria, para os efectos do Rexistro, é o testamento, o contrato sucesorio, a acta de notoriedade para a declaración de herdeiros *ab intestato* e a declaración administrativa de herdeiro *ab intestato* a favor do Estado, así como, de ser o caso, o certificado sucesorio europeo a que se refire o capítulo VI do Regulamento (UE) n.º 650/2012.»

Disposición derradeira segunda. *Modificación da Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuízamento civil.*

As actuais disposicións derradeiras vixésimo quinta a vixésimo sétima pasan a ser vixésimo sétima, vixésimo oitava e vixésimo novena, respectivamente, e introdúcese unha nova disposición derradeira vixésimo quinta e unha nova disposición derradeira vixésimo sexta coa seguinte redacción:

«Disposición derradeira vixésimo quinta. *Medidas para facilitar a aplicación en España do Regulamento (UE) n.º 1215/2012 do Parlamento e do Consello, do 12 de decembro de 2012, relativo á competencia xudicial, ao recoñecemento e á execución de resolucións xudiciais en materia civil e mercantil.*

1. Regras sobre o recoñecemento de resolucións dun Estado membro da Unión Europea ao abeiro do Regulamento (UE) n.º 1215/2012.

1.<sup>a</sup> As resolucións incluídas no ámbito de aplicación do Regulamento (UE) n.º 1215/2012 e ditadas nun Estado membro da Unión Europea serán recoñecidas en España sen necesidade de recorrer a ningún procedemento.

2.<sup>a</sup> Se a denegación do recoñecemento se invoca como unha cuestión incidental ante un órgano xudicial, o dito órgano será competente para coñecer desta, seguindo o procedemento establecido nos artigos 388 e seguintes desta lei, e queda limitada a eficacia do dito recoñecemento ao resolto no proceso principal do cal o incidente deriva, e sen que se poida impedir que en proceso á parte se resolva de forma principal sobre o recoñecemento da resolución.

3.<sup>a</sup> A parte que desexe invocar en España unha resolución ditada noutro Estado membro deberá presentar os documentos previstos no artigo 37 do Regulamento (UE) n.º 1215/2012, e o órgano xudicial ou a autoridade ante a cal se invoque esta poderá pedir as traducións ou transcripcións previstas no número 2 do dito artigo.

4.<sup>a</sup> O órgano xudicial ou a autoridade ante a cal se invoque unha resolución ditada noutro Estado membro poderá suspender o procedemento polos motivos previstos no artigo 38 do Regulamento (UE) n.º 1215/2012.

5.<sup>a</sup> Por petición de calquera parte interesada denegarase o recoñecemento da resolución por algún dos motivos do artigo 45 do Regulamento (UE) n.º 1215/2012 e de acordo co procedemento previsto no número 4 desta disposición derradeira. Será competente o xulgado de primeira instancia que corresponda conforme os artigos 50 e 51 desta lei.

6.<sup>a</sup> O mesmo procedemento previsto no número 4 desta disposición deberá seguirse cando a parte interesada solicite que se declare que a resolución estranxeira non incorre nos motivos de denegación do recoñecemento recollidos no artigo 45 do regulamento. Será competente o xulgado de primeira instancia que corresponda conforme os artigos 50 e 51 desta lei.

2. Regras sobre a execución de resolucións con forza executiva dun Estado membro da Unión Europea ao abeiro do Regulamento (UE) n.º 1215/2012.



1.<sup>a</sup> As resolucións ditadas nun Estado membro que teñan forza executiva nel gozarán tamén desta en España sen necesidade dunha declaración de forza executiva e serán executadas nas mesmas condicións que se se ditasen en España, de conformidade co disposto nos artigos 39 a 44 do Regulamento (UE) n.º 1215/2012 e na presente disposición.

Non obstante, e sen prexuízo do disposto no artigo 2.a), parágrafo segundo do Regulamento (UE) n.º 1215/2012, se se tratase dunha resolución que ordene unha medida provisional ou cautelar, soamente se executará en España se o órgano xurisdiccional que a ditou certificou que é competente en canto ao fondo do asunto.

2.<sup>a</sup> Para os efectos da execución dunha resolución con forza executiva, o solicitante facilitará os documentos previstos no artigo 42.1 do Regulamento (UE) n.º 1215/2012 ou os previstos no artigo 42.2 do mesmo regulamento se se trata dunha resolución que ordene unha medida provisional ou cautelar, así como, se o exige o órgano xudicial competente, a tradución do certificado prevista no artigo 42.3 do dito regulamento. Só se poderá exixir ao solicitante que presente unha tradución da resolución se non se poden continuar as dilixencias sen ela.

3.<sup>a</sup> A execución de resolucións con forza executiva dun Estado membro levarase a cabo en España en todo caso conforme as disposicións desta lei.

4.<sup>a</sup> Toda resolución con forza executiva dun Estado membro comportará a facultade de aplicar as medidas cautelares previstas nesta lei, de acordo co procedemento previsto nela.

3. Non acreditación da notificación do certificado e tradución da resolución estranxeira.

1.<sup>a</sup> Para os efectos da aplicación do artigo 43.1 do Regulamento (UE) n.º 1215/2012, antes de adoptar a primeira medida de execución, cando o executante non acredite que xa se notificou o certificado previsto polo artigo 53 e a resolución estranxeira á persoa contra a cal se inste a execución, deberá notificárselle a esta un ou outra ou, de ser o caso, ambos, xunto co auto que despacha a execución.

2.<sup>a</sup> Para os efectos da aplicación do artigo 43.2 do Regulamento (UE) n.º 1215/2012, a persoa contra a cal se inste a execución disporá dun prazo de cinco días para solicitar a tradución da resolución estranxeira, contados desde a notificación do despacho da execución, se non se lle notificase anteriormente e non se achegase coa demanda de execución unha tradución da dita resolución.

3.<sup>a</sup> Mentres non se lle entregue a dita tradución quedará en suspenso o prazo previsto polo artigo 556.1 desta lei para oporse á execución, así como o prazo de contestación previsto no ordinal seguinte. O xuíz sobrererá a execución se no prazo dun mes o executante non achega a dita tradución.

4.<sup>a</sup> O presente punto non se aplicará á execución de medidas cautelares dunha resolución ou cando a persoa que inste a execución solicite medidas cautelares de conformidade co número 2, regra 4.<sup>a</sup>, desta disposición.

4. Regras sobre a denegación da execución de resolucións con forza executiva dun Estado membro da Unión Europea ao abeiro do Regulamento (UE) n.º 1215/2012.

Sen prexuízo dos motivos de oposición á execución previstos nesta lei, por petición da persoa contra a cal se instase, denegarase a execución dunha resolución con forza executiva pola concorrencia dun ou varios dos motivos de denegación do recoñecemento recollidos no artigo 45 do Regulamento (UE) n.º 1215/2012, polas vías do xuízo verbal, coas especialidades seguintes:

1.<sup>a</sup> A competencia corresponderá ao xulgado de primeira instancia que coñeza da execución.

2.<sup>a</sup> A demanda deberase presentar conforme o establecido no artigo 437 desta lei, de ser o caso, nun prazo de dez días contados desde a data de notificación ao

demandado do despacho da execución, xunto cos documentos a que se refire o artigo 47.3 do Regulamento (UE) n.º 1215/2012 e calquera outro xustificativo da súa pretensión e, de ser o caso, conterà a proposición dos medios de proba cuxa práctica solicite o demandante.

3.<sup>a</sup> O demandante pode solicitar as medidas previstas no artigo 44.1 do Regulamento (UE) n.º 1215/2012. Por petición igualmente do demandante, no suposto do artigo 44.2 do mesmo regulamento, adoptarase a suspensión do procedemento sen máis dilación.

4.<sup>a</sup> O secretario xudicial dará traslado da demanda ao demandado, para que conteste no prazo de 10 días. Na contestación, xunto cos documentos xustificativos da súa oposición, deberá propor todos os medios de proba de que intente valerse. Deste escrito, e dos documentos que se xuntan, darase traslado ao demandante.

5.<sup>a</sup> Contestada a demanda ou transcorrido o correspondente prazo, o secretario xudicial citará as partes á vista, se así o solicitan nos seus escritos de demanda e contestación. Se nos seus escritos non solicitasen a celebración de vista, ou cando a única proba proposta sexa a de documentos, e estes xa se achegasen ao proceso sen resultar impugnados, ou no caso dos informes periciais non sexa necesaria a ratificación, o xuíz resolverá mediante auto, sen máis trámite.

6.<sup>a</sup> Contra o dito auto cabe recurso de apelación. Contra a sentenza ditada en segunda instancia caberá, de ser o caso, recurso extraordinario por infracción procesal e recurso de casación nos termos previstos por esta lei. O órgano xudicial que coñeza dalgún destes recursos poderá suspender o procedemento se se presentou un recurso ordinario contra a resolución no Estado membro de orixe ou se aínda non finalizou o prazo para interpolo, conforme o artigo 51 do Regulamento (UE) n.º 1215/2012. Para estes efectos, cando a resolución se dite en Irlanda, en Chipre ou no Reino Unido, calquera recurso previsto nalgún destes Estados membros de orixe será considerado recurso ordinario.

#### 5. Expedición do certificado.

1.<sup>a</sup> Para os efectos da aplicación do artigo 53 do Regulamento (UE) n.º 1215/2012, a expedición do certificado previsto nese precepto poderase solicitar por medio de outrosí na demanda, para a súa expedición de forma simultánea á sentenza. En todo caso, a expedición farase de forma separada e mediante providencia, utilizando o modelo de formulario a que se refire o dito artigo.

Cando se trate de transaccións xudiciais, a certificación expedirase de igual forma, para os efectos do artigo 60 do Regulamento (UE) n.º 1215/2012, utilizando o modelo de formulario previsto neste.

2.<sup>a</sup> No caso de documentos públicos que teñan forza executiva, o modelo de formulario a que se refire o artigo 60 do Regulamento (UE) n.º 1215/2012 expedirao o notario autorizante ou quen legalmente o substitúa ou suceda no protocolo. Da dita expedición deixará constancia mediante nota na matriz ou póliza, na cal incorporará copia auténtica, e o orixinal do certificado será o documento que circulará.

#### 6. Adaptación.

Para os efectos de aplicación do artigo 54 do Regulamento (UE) n.º 1215/2012, a autoridade que resolva sobre o recoñecemento ou a execución dunha resolución estranxeira procederá á súa adaptación nos termos previstos no dito precepto. Contra a decisión sobre a adaptación da medida ou orde estranxeira caberán os recursos que a lexislación procesal prevexa en función do tipo de resolución e do procedemento de que se trate.

#### 7. Forza executiva dos documentos públicos.

1.<sup>a</sup> Os documentos públicos que teñan forza executiva no Estado membro de orixe gozarán tamén desta en España sen necesidade dunha declaración de forza

executiva; a súa execución só poderá denegarse en caso de que sexa manifestamente contraria á orde pública. O documento público presentado debe reunir os requisitos necesarios para ser considerado auténtico no Estado membro de orixe.

2.<sup>a</sup> A persoa contra a cal se instase a execución poderá solicitar a denegación da execución de conformidade co procedemento previsto no número 4 desta disposición.

3.<sup>a</sup> A execución de documentos públicos emitidos nun Estado membro levarase a cabo en España, en todo caso, conforme as disposicións desta lei, e aplicaranse as normas desta disposición.

#### 8. Forza executiva das transaccións xudiciais.

As transaccións xudiciais que teñan forza executiva no Estado membro de orixe executaranse en España nas mesmas condicións previstas para os documentos públicos no punto anterior.»

Disposición derradeira vixésimo sexta. *Medidas para facilitar a aplicación en España do Regulamento (UE) n.º 650/2012 do Parlamento Europeo e do Consello, do 4 de xullo de 2012, relativo á competencia, a lei aplicable, o recoñecemento e a execución das resolucións, á aceptación e a execución dos documentos públicos en materia de sucesións «mortis causa» e á creación dun certificado sucesorio europeo.*

1. Regras de execución e recoñecemento de resolucións dun Estado membro da Unión Europea ao abeiro do Regulamento (UE) n.º 650/2012.

1.<sup>a</sup> Calquera parte interesada poderá solicitar que se declare a forza executiva en España dunha resolución incluída no ámbito de aplicación do Regulamento (UE) n.º 650/2012, e ditada nun Estado membro da Unión Europea que teña neste forza executiva, conforme o procedemento previsto nos números 2 a 7 desta disposición.

2.<sup>a</sup> As resolucións ditadas nun Estado membro da Unión Europea serán recoñecidas en España sen necesidade de recorrer a ningún procedemento. Non obstante, en caso de oposición, calquera parte interesada que invoque o recoñecemento a título principal dunha resolución dese tipo poderá solicitar, polo mesmo procedemento previsto no número 1, que se recoñeza a dita resolución.

Se a denegación do recoñecemento se invoca como unha cuestión incidental ante un órgano xudicial, o dito órgano será competente para coñecer desta, seguindo o procedemento establecido nos artigos 388 e seguintes desta lei, e queda limitada a eficacia do dito recoñecemento ao resolto no proceso principal do cal o incidente deriva, e sen que poida impedirse que en proceso á parte se resolva de forma principal sobre o recoñecemento da resolución.

En calquera caso, o órgano xudicial ante o que se solicitase o recoñecemento poderá suspender o procedemento se a dita resolución é obxecto dun recurso ordinario no Estado membro de orixe.

#### 2. Competencia.

A competencia para coñecer do procedemento de forza executiva corresponderá aos xulgados de primeira instancia do domicilio da parte fronte á cal se solicita o recoñecemento ou a execución, ou do lugar de execución en que a resolución deba producir os seus efectos.

#### 3. Asistencia xurídica gratuíta.

1.<sup>a</sup> A asistencia xurídica gratuíta neste procedemento axustarase ás normas xerais aplicables en España.

2.<sup>a</sup> Sen prexuízo do disposto no punto anterior, o solicitante que no Estado membro de orixe obtivese total ou parcialmente o beneficio de xustiza gratuíta ou unha exención das custas e dos gastos gozará neste procedemento do beneficio de xustiza gratuíta máis favorable ou da exención máis ampla posible conforme as normas xerais aplicables en España.

4. Procedemento de declaración de forza executiva dunha resolución.

1.<sup>a</sup> A solicitude de declaración de forza executiva presentarase mediante demanda que se axustará aos requisitos do artigo 437 desta lei e canda ela deberanse xuntar os seguintes documentos:

- a) Unha copia auténtica da resolución.
- b) A certificación prevista no artigo 46.3.b) do Regulamento (UE) n.º 650/2012.

2.<sup>a</sup> Se non se presenta a certificación prevista no punto anterior, o órgano xudicial poderá fixar un prazo para a súa presentación, aceptar un documento equivalente ou dispensar deles se considera que dispón de suficiente información.

Poderá pedir tamén o órgano xudicial unha tradución dos documentos realizada por unha persoa cualificada para realizar traducións nun dos Estados membros.

3.<sup>a</sup> O solicitante non estará obrigado a ter enderezo postal en España nin a actuar representado por procurador nin asistido de letrado.

4.<sup>a</sup> O solicitante poderá instar a adopción de medidas provisionais ou cautelares de conformidade co previsto nesta lei. A declaración de forza executiva incluírá a autorización para adoptar calquera medida cautelar.

5.<sup>a</sup> Cumpridas as formalidades previstas nas regras 1.<sup>a</sup> e 2.<sup>a</sup>, o xuíz mediante auto declarará inmediatamente a forza executiva da resolución, sen dar traslado para alegacións á parte contra a cal se solicite a declaración e sen proceder ao exame dos motivos de denegación do recoñecemento previstos no artigo 40 do Regulamento (UE) n.º 650/2012.

Se a resolución obxecto da declaración contén varias pretensións e non pode declararse a forza executiva de todas elas, o auto declarará a forza executiva das que procedan.

6.<sup>a</sup> Á notificación á parte contra a cal se solicite a declaración xuntaranse os documentos a que se refiren as regras 1.<sup>a</sup> e 2.<sup>a</sup> deste número.

5. Recursos contra a resolución sobre a solicitude de declaración de forza executiva.

1.<sup>a</sup> Contra a solución sobre a solicitude de declaración de forza executiva poderá recorrer calquera das partes no prazo de trinta días naturais. Se a parte contra a cal se solicitou a declaración está domiciliada fóra de España, terá un prazo de sesenta días naturais para interpor o recurso; este prazo non admitirá prórroga por razón da distancia a España do seu domicilio.

A competencia para coñecer do recurso corresponderá á Audiencia Provincial.

2.<sup>a</sup> Durante o prazo do recurso contra a declaración de forza executiva e ata que se resolva sobre este, soamente se poderán adoptar medidas cautelares sobre os bens da parte contra a cal se solicitase a execución.

3.<sup>a</sup> Contra a sentenza ditada en segunda instancia caberá, de ser o caso, recurso extraordinario por infracción procesual e recurso de casación nos termos previstos por esta lei.

6. Procedemento do recurso contra a resolución sobre a solicitude de declaración de forza executiva.

O recurso previsto na regra 1.<sup>a</sup> do número anterior tramitarase polas vías do recurso de apelación, incluídas as normas sobre representación procesual e defensa técnica, coas seguintes especialidades:

a) Sen prexuízo da alegación de infracción de normas ou garantías procesuais na primeira instancia, o recurso soamente se poderá basear nalgún ou nalgúns dos motivos previstos no artigo 40 do Regulamento (UE) n.º 650/2012; o recorrente xuntará ao escrito de interposición os documentos xustificativos da súa pretensión que considere necesarios e, de ser o caso, conterà a proposición dos medios de proba cuxa práctica interese.

b) O secretario xudicial dará traslado do escrito de recurso e dos documentos que o acompañen ás demais partes, e emprazaráas por vinte días naturais para que presenten os escritos de oposición ou impugnación, aos cales se xuntarán os documentos xustificativos que consideren necesarios e, de ser o caso, conterà a proposición dos medios de proba cuxa práctica interesen.

c) No caso de non comparecencia da parte contra a cal se solicite a declaración de forza executiva, se a súa residencia habitual está fóra de España, aplicarase o disposto no artigo 16 do Regulamento (UE) n.º 650/2012.

#### 7. Suspensión dos recursos.

O tribunal ante o que se interpuxese calquera dos recursos previstos no número 5 suspenderá o procedemento, por instancia da parte contra a cal se solicite a declaración de forza executiva, se tal forza executiva foi suspendida no Estado membro de orixe por interperse un recurso.

#### 8. Forza executiva dos documentos públicos.

Os documentos públicos que teñan forza executiva no Estado membro de orixe serán declarados, por petición de calquera das partes interesadas, con forza executiva en España de conformidade co procedemento regulado nos números 2 a 7 desta disposición derradeira. A certificación prevista no punto 4.1.<sup>a</sup> b) deberase presentar de conformidade co disposto no artigo 60.2 do Regulamento (UE) n.º 650/2012.

O tribunal ante o cal se interpuxese calquera dos recursos previstos no número 16 desta disposición só desestimarán ou revogará a declaración de forza executiva dun documento público cando esta fose manifestamente contraria á orde pública.

#### 9. Forza executiva das transaccións xudiciais.

As transaccións xudiciais que teñan forza executiva no Estado membro de orixe serán declaradas, por petición de calquera das partes interesadas, con forza executiva en España de conformidade co procedemento regulado nos números 2 a 7 desta disposición derradeira, e deberá presentarse a certificación prevista no número 4.1.<sup>a</sup> b) de conformidade co disposto no artigo 61.2 do Regulamento (UE) n.º 650/2012.

O tribunal ante o cal se interpuxese calquera dos recursos previstos no número 5 só desestimarán ou revogará a declaración de forza executiva dunha transacción xudicial cando esta fose manifestamente contraria á orde pública.

10. Expedición da certificación dunha resolución, documento público ou transacción xudicial para os efectos da súa forza executiva noutro Estado membro.

1.<sup>a</sup> Para os efectos da aplicación do artigo 46.3 do Regulamento, a expedición da certificación prevista nese precepto corresponderá ao órgano xudicial que ditase a resolución e farase de forma separada mediante providencia, utilizando o modelo de formulario previsto no dito artigo.

O mesmo se fará, para os efectos da aplicación do artigo 61 do Regulamento, cando se trate dunha transacción xudicial, utilizando para a expedición da certificación o modelo de formulario previsto no dito artigo.

2.<sup>a</sup> No caso de documentos públicos, a certificación a que se refire o artigo 60 do Regulamento será expedida polo notario autorizante ou quen legalmente o substitúa ou suceda no protocolo, utilizando o modelo de formulario previsto no dito artigo. Desá expedición deixarase constancia mediante nota na matriz, na cal se incorporará copia auténtica. O orixinal do certificado será o documento que circulará. Se non fose posible a incorporación á matriz, relacionarase, mediante nota, a acta posterior á cal deberá ser incorporada.

#### 11. Expedición por órgano xudicial do certificado sucesorio europeo.

1.<sup>a</sup> A expedición por un órgano xudicial dun certificado sucesorio europeo adoptarase de forma separada e mediante providencia, na forma prevista no artigo 67 do Regulamento (UE) n.º 650/2012, logo de solicitude que poderá presentarse mediante o formulario previsto no artigo 65.2 do mesmo regulamento.

2.<sup>a</sup> A competencia para expedir xudicialmente un certificado sucesorio europeo corresponderá ao mesmo tribunal que tramite ou tramitase a sucesión. Do certificado sucesorio expedirse testemuño, que se entregará ao solicitante.

3.<sup>a</sup> Toda persoa que teña dereito a solicitar un certificado poderá recorrer contra as decisións adoptadas polo órgano xudicial correspondente.

12. Rectificación, modificación ou anulación do certificado sucesorio europeo emitido por un órgano xudicial.

1.<sup>a</sup> O procedemento para a rectificación dun certificado sucesorio europeo, tal como está previsto no artigo 71.1 do Regulamento (UE) n.º 650/2012, resolverase na forma prevista nos números 1 a 4 do artigo 267 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial.

2.<sup>a</sup> O procedemento para a modificación ou anulación da emisión dun certificado sucesorio europeo a que se refire o artigo 71.1 do Regulamento (UE) n.º 650/2012 tramitarase e resolverase, en única instancia, de conformidade co previsto para o recurso de reposición regulado nesta lei.

3.<sup>a</sup> En todo caso, conforme o artigo 71.3 do Regulamento (UE) n.º 650/2012, o tribunal comunicará, sen demora, a todas as persoas ás cales se entregaron copias auténticas do certificado, en virtude do artigo 70.1 do mesmo regulamento, calquera rectificación, modificación ou anulación deste.

13. Denegación por un órgano xudicial da emisión do certificado sucesorio europeo.

A denegación de emisión dun certificado sucesorio europeo adoptarase de forma separada mediante auto e poderá impugnarse, en única instancia, polos trámites do recurso de reposición.

#### 14. Expedición por notario do certificado sucesorio europeo.

1.<sup>a</sup> Logo de solicitude, compete ao notario que declare a sucesión ou algún dos seus elementos, ou a quen legalmente o substitúa ou suceda no seu protocolo a expedición do certificado previsto no artigo 62 do Regulamento (UE) n.º 650/2012. Para iso deberase usar o formulario a que se refire o artigo 67 do mesmo regulamento. A solicitude da expedición dun certificado sucesorio poderá presentarse mediante o formulario previsto no artigo 65.2 do mesmo regulamento.

2.<sup>a</sup> Da dita expedición do certificado sucesorio europeo, que terá o carácter de documento público conforme o artigo 17 da Lei do notariado do 28 de maio de 1862, deixarase constancia mediante nota na matriz da escritura que tramite o acto ou



negocio, á cal se incorporará o orixinal do certificado, e entregárase copia auténtica ao solicitante.

Se non fose posible a incorporación á matriz, relacionarase, mediante nota, a acta posterior a que deberá ser incorporado o orixinal do certificado.

15. Rectificación, modificación ou anulación do certificado sucesorio europeo emitido por notario.

1.<sup>a</sup> Corresponderalle ao notario, en cuxo protocolo se encuentre, a rectificación do certificado sucesorio europeo en caso de ser observado nel un erro material, así como a modificación ou anulación previstas no artigo 71.1 do Regulamento (UE) n.º 650/2012.

2.<sup>a</sup> En todo caso, conforme o artigo 71.3 do Regulamento (UE) n.º 650/2012, o notario comunicará sen demora a todas as persoas ás cales se lles entregaron copias auténticas do certificado, en virtude do artigo 70.1, calquera rectificación, modificación ou anulación deste.

16. Recurso.

1.<sup>a</sup> Contra as decisións adoptadas por un notario relativas a un certificado sucesorio europeo poderá recorrer quen teña interese lexítimo conforme os artigos 63.1 e 65 do Regulamento (UE) n.º 650/2012.

2.<sup>a</sup> Contra a negativa dun notario a rectificar, modificar, anular ou expedir un certificado sucesorio europeo poderá recorrer quen teña interese lexítimo conforme os artigos 71 e 73, número 1, letra a) do Regulamento (UE) n.º 650/2012.

3.<sup>a</sup> O recurso, en única instancia, contra as decisións a que se refiren as regras 1.<sup>a</sup> e 2.<sup>a</sup> deste número será interposto directamente ante o xuíz de primeira instancia do lugar de residencia oficial do notario, e tramitarase polas canles do xuízo verbal.

17. Efectos do recurso.

1.<sup>a</sup> Se, como consecuencia do recurso previsto no número anterior, resulta acreditado que o certificado sucesorio europeo expedido non responde á realidade, o órgano xudicial competente ordenará que o notario emisor o rectifique, modifique ou anule segundo a resolución xudicial ditada.

2.<sup>a</sup> Se, como consecuencia do recurso resulta acreditado que a negativa a expedir o certificado sucesorio europeo era inxustificada, o órgano xudicial competente expedirá o certificado ou garantirá que o notario emisor volva examinar o caso e tome unha nova decisión acorde coa resolución xudicial ditada.

3.<sup>a</sup> En todo caso, deberá constar na matriz da escritura que tramite o acto ou negocio e na da acta de protocolización do certificado sucesorio europeo emitido nota da rectificación, modificación ou anulación realizadas, así como da interposición do recurso e da resolución xudicial ditada nel.»

Disposición derradeira terceira. *Modificación da Lei 5/2012, do 6 de xullo, de mediación en asuntos civís e mercantís.*

O artigo 27 da Lei 5/2012, do 6 de xullo, de mediación en asuntos civís e mercantís, queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 27. *Execución dos acordos de mediación transfronteirizos.*

1. Sen prexuízo do que dispoñan a normativa da Unión Europea e os convenios internacionais vixentes en España, o recoñecemento e a execución dun acordo de mediación producirase na forma prevista na Lei de cooperación xurídica internacional en materia civil.

2. Un acordo de mediación que non fose declarado executable por unha autoridade estranxeira só poderá ser executado en España logo de elevación a escritura pública por notario español por solicitude das partes, ou dunha delas co consentimento expreso das demais.

3. O documento estranxeiro non poderá ser executado cando resulte contrario á orde pública española.»

Disposición derradeira cuarta. *Modificación da Lei 2/2014, do 25 de marzo, da acción e do servizo exterior do Estado.*

A disposición adicional décimo sexta da Lei 2/2014, do 25 de marzo, da acción e do servizo exterior do Estado, queda redactada nos seguintes termos:

«Disposición adicional décimo sexta. *Traducións e interpretacións de carácter oficial.*

Determinaranse regulamentariamente os requisitos para que as traducións e interpretacións dunha lingua estranxeira ao castelán e viceversa teñan carácter oficial. En todo caso, terán este carácter as certificadas pola Oficina de Interpretación de Linguas do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación, así como as realizadas por quen se encontre en posesión do título de tradutor-intérprete xurado que outorga o Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación. Os requisitos para o outorgamento deste título, así como o resto de elementos que conforman o seu réxime xurídico, desenvolveranse regulamentariamente. O tradutor-intérprete xurado certificará coa súa sinatura e selo a fidelidade e exactitude da tradución e interpretación.

Tamén terán carácter oficial:

a) As realizadas ou asumidas como propias por unha representación diplomática ou oficina consular de España no estranxeiro, sempre que se refiran a un documento público estranxeiro que se incorpora a un expediente ou procedemento iniciado ou presentado ante a dita unidade administrativa e que deba resolver a Administración española.

b) As realizadas por unha representación diplomática ou oficina consular de carreira estranxeira en España, sempre que se refiran ao texto dunha lei do seu país ou a un documento público deste.

O carácter oficial dunha tradución ou interpretación implica que esta poida ser presentada ante órganos xudiciais e administrativos nos termos que se determinen regulamentariamente.

A tradución e interpretación que realice un tradutor-intérprete xurado ou unha representación diplomática ou oficina consular poderá ser revisada pola Oficina de Interpretación de Linguas do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación por solicitude do titular do órgano administrativo, xudicial, rexistro ou autoridade competente ante quen se presente.»

Disposición derradeira quinta. *Título competencial.*

A presente lei dítase ao abeiro da competencia que, en materia de lexislación procesual, corresponde ao Estado conforme o artigo 149.1.6.<sup>a</sup> da Constitución española.

O capítulo VI do título V dítase ao abeiro da competencia que corresponde ao Estado conforme o artigo 149.1.8.<sup>a</sup> da Constitución española en materia de ordenación dos rexistros e instrumentos públicos, no que se refire ao Rexistro da Propiedade e ao Rexistro de Bens Mobles, e ao abeiro da competencia que corresponde ao Estado conforme o artigo 149.1.6.<sup>a</sup> da Constitución española en materia de lexislación mercantil, no que respecta ao Rexistro Mercantil.

A disposición derradeira primeira dítase ao abeiro da competencia exclusiva do Estado en materia de ordenación dos rexistros e instrumentos públicos, establecida no artigo 149.1.8.<sup>a</sup> da Constitución.

A disposición derradeira terceira dítase ao abeiro da competencia exclusiva do Estado en materia de lexislación mercantil, procesual e civil, establecida no artigo 149.1.6.<sup>a</sup> e 8.<sup>a</sup> da Constitución.

Disposición derradeira sexta. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,  
Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 30 de xullo de 2015.

FELIPE R.

O presidente do Goberno,  
MARIANO RAJOY BREY